

PROGRAMA ABERTO

Vigo
Merece
Máis!

Eleccións
Municipais
2023

629

Propostas para levar
#VigoMáisAlá

_ÍNDICE

Vigo máis habitábel e verde	5
_Garantir o dereito á vivenda	5
_Un novo modelo urbano	7
_Revolucionar a mobilidade	10
_Máis e mellores servizos públicos	16
_Un presente sustentábel para termos futuro	21
_Máis deporte, máis saúde	27
_Devolverlle o Concello á veciñanza	30
Vigo máis igualitario e socialmente xusto	33
_Igualdade real con feminismo nos feitos	33
_Unha cidade inclusiva e orgullosamente diversa	36
_Parapeto social fronte á crise	39
_Oportunidades para a mocidade	42
Vigo pulmón industrial e produtivo de Galiza	46
_Reactivación produtiva e económica	46
_Dereito a un traballo digno	47
_Apoio ao comercio de proximidade	49
_Outro modelo turístico	50
Vigo vangarda da creación cultural	52
_A cultura como necesidade e dereito	52
_Cidade creadora	56
_Cidade con memoria	57
_Temos lingua!	58
_Orgullo da nosa tradición	60
Vigo motor de todo un País	62
_Vertebración metropolitana	62
_Polo de desenvolvemento da Eurorrexión	63
_Un Vigo referente dunha nova Galiza	64

>>INTRODUCCIÓN

Ideas en positivo para levarmos **Vigo máis alá!**

A cidade está sumida na inercia pola falla de xestión e da ausencia de proxecto para a cidade por parte do actual Goberno municipal, que reduce a súa acción a actuacións aparentais, pero desatende as necesidades reais das viguesas e dos vigueses e mantén o total abandono dos barrios e parroquias despois de ter deixado sen gastar 436 millóns de euros do orzamento do Concello nos últimos 4 anos.

A permanente confrontación partidista entre Concello e Xunta permitiu cronificar o abandono da cidade por parte do Goberno galego, ao que se engade tamén a desatención do Goberno español, impedindo despregar accións que revertan o retroceso e perda de peso relativo da cidade.

Este 2023 vai ser o ano no que **as viguesas e vigueses van poder trazar, co seu voto, un novo rumbo e definir un novo horizonte para a nosa cidade** evitando que sigamos quedando atrás.

O Bloque Nacionalista Galego queremos levar **Vigo máis alá**. Máis alá do dinoseto, das luces, da fanfarria, dos anuncios e das promesas incumpridas. Reseteando en positivo a cidade fronte a actual inercia paralizante, superando a política frívola que pretende reducir Vigo a un parque temático. **Poñendo as persoas no centro das políticas municipais** para atender as necesidades reais da cidade, acabando co abandono dos barrios e parroquias e devolvéndolle a Vigo o seu papel como maior cidade de Galiza.

O noso proxecto é aberto, positivo e construtivo. Unha alternativa sólida e rigorosa para logramos darlle un novo impulso á cidade e construímos un Vigo **máis habitábel e moito máis verde, máis igualitario e socialmente xusto**, que volva ser o **pulmón industrial e produtivo de Galiza**, referente de **vanguardia na creación cultural** e que sexa o **motor de todo un País**.

Un BNG determinante na política municipal de Vigo é garantía de avance e cambio en positivo para a cidade. O Bloque temos para Vigo un proxecto aberto e de futuro no que queremos **sumar a todas as viguesas e os vigueses que saben e, sobre todo, que senten que a nosa cidade merece máis**. Moito máis.

Temos as persoas que o poden levar adiante, cunha equipa capaz, plural, renovada e comprometida. E coa experiencia necesaria para poñelo en marcha. Pero a peza que o fará posíbel es TI. **O teu voto o próximo 28 de maio decidirá se te conformas con máis do mesmo ou se facemos que Vigo volva avanzar**.

Súmaste?

Xabier P. Igrexas

Candidato do BNG á alcaldía de Vigo

>>UN PROGRAMA ABERTO

629 propostas para devolverlle Vigo aos vigueses e viguesas

Este documento non é unha proposta fechada. É apenas unha folla de rota. Unha **cartografía de por onde o BNG queremos facer que Vigo volva avanzar**. Con máis de 629 propostas concretas que substancian a nosa alternativa en positivo para a nosa cidade.

É un documento aberto, porque na súa elaboración **incorporamos as achegas, ideas e suxestións, de diferentes colectivos sociais e de veciñas e veciños** que a nivel individual tiveron a xenerosidade de partillar connosco as súas arelas, a través de medios electrónicos ou nos encontros abertos que realizamos polos barrios e parroquias e con diferentes sectores.

Aberto, precisamente, por contar con **participación activa de centos de persoas a través de máis de 50 xuntanzas realizadas nos últimos meses**. E que recolle tamén o intenso traballo realizado polo BNG no Concello nos últimos catro anos, nos que despregamos máis de 850 iniciativas e propostas referenciándonos como a oposición real e a alternativa política fronte ao actual desgobierno.

E aberto, porque se trata dun **documento base ao que se lle poderán adicionar novas propostas e ideas**. A tal efecto habilitamos no noso sitio web, www.bng.gal/vigo, un sistema de participación dixital para que calquera persoa ou colectivo nos poida formular propostas ou cuestionar sobre algunha das medidas incluídas.

Quixemos elaborar o programa do mesmo xeito que defendemos que se debe gobernar esta cidade: **escoitando e dialogando de maneira permanente**. Sen dar nada por fechado. Con firmeza nos principios e nas ideas pero con disposición a incorporar outros puntos de vista. Sabendo que os retos e as necesidades que enfrontamos esixen de respostas dinámicas, lonxe das rixideces do autoritarismo.

O programa aberto do BNG é a expresión da nosa proposta política de cambio. Formulando **propostas concretas para resolver os principais problemas e necesidades reais que enfrenta a cidade**. Dando resposta ás principais necesidades sociais, sabendo que a cidade constrúese desde os barrios e parroquias, e demostrando que outra forma de gobernar non só é necesaria senón que é posíbel.

O BNG temos as ideas, as propostas e a equipa para facelo.

Vigo máis habitábel e verde

Garantindo o dereito da cidadanía a habitar a cidade, promovendo o acceso social á vivenda e poñendo o urbanismo en favor do interese público e social. Democratizando o espazo público en favor das persoas, revolucionando a mobilidade, potenciando o transporte colectivo e despregando novas peonalizacións. Alargando os servizos públicos municipais e revertendo o proceso de privatizacións. Con máis diálogo e participación para facermos avanzar a cidade entre todas e todos e brindando maior apoio ao tecido asociativo e movementos sociais. Reconciliando a cidade co seu litoral, aumentando a protección e valorización dos nosos montes, facendo do río Lagares o pulmón verde e azul da cidade e poñendo fin ao arboricidio dos últimos anos naturalizando as nosas rúas e prazas.

Garantir o dereito á vivenda

Para abordar o grave problema do acceso social á vivenda, por causa da súa carestía, urxe despregar unha política municipal de vivenda. Facilitando un aloxamento digno e económico para a maioría social, apostando no aluguer social, dotando a cidade dun parque público de vivenda social, mobilizando as 18.500 vivendas baleiras, potenciando o cooperativismo e promovendo a rehabilitación.

1. Creación dun **Parque público de vivenda social na cidade**, fundamentalmente destinado a aluguer, mediante recursos propios e acordos con outras administracións e o sector privado.
2. Promoción de convenios coa Sareb e as entidades bancarias privadas que foron rescatadas con fondos públicos para **a cesión de vivendas das que son propietarias e fican desocupadas ao Parque público de vivenda**.
3. **Aumento dos impostos municipais para aquelas vivendas desocupadas** e que non chegasen a acordos para incluílas no parque de vivenda de aluguer con prezo social.
4. **Bolsa de vivendas municipais para situación de emerxencia habitacional** para evitar que se produza ningún desafiuzamento sen alternativa digna na propia cidade.
5. Creación do **Consello Social de Vivenda**, como espazo de participación e co-decisión, para a elaboración de propostas para afrontar a dificultade do acceso a unha vivenda digna.
6. Demandar das administracións estatal e galega unha **nova regulación do**

mercado da vivenda, para facilitar o alugueiro, protexer os dereitos das persoas arrendatarias e limitar o incremento dos prezos.

7. **Actuación municipal contra as infravivendas** garantindo as condicións de seguridade e salubridade.
8. **Asesoramento e asistencia legal gratuíta para persoas en risco de desafiuzamento.**
9. **Axilización e alargamento da cobertura das axudas de emerxencia en materia de vivenda e subministros básicos.**
10. Posta en marcha dunha **Estratexia Local contra a Xentrificación.**
11. **Frear o fenómeno ultraespeculativo das vivendas de uso turístico**, a través dunha ordenanza municipal que as regule e limite de maneira severa, favorecendo o aumento da oferta de vivenda para uso residencial e modalidade de alugueiro convencional.
12. Poñer en marcha **un Plan de Choque fronte a carestía do alugueiro**, co obxectivo de constituír no prazo de seis meses unha primeira bolsa de vivenda social que conte con como mínimo 300 vivendas en réxime de alugueiro social.
13. Impulsar a **creación dunha Axencia Local de Vivenda Protexida e Social e dunha Empresa Municipal de Vivenda e Solo.**
14. **Axilizar a planificación en detalle das figuras urbanísticas** incluídas no proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e que se prevé sexan destinados maioritariamente á promoción de vivenda protexida.
15. Destinar os **aproveitamentos urbanísticos** que lle correspondan ao Concello para os incorporar a un parque municipal de vivenda social en réxime de alugueiro.
16. Crear un **programa municipal de apoio e promoción do cooperativismo** de vivenda na cidade.
17. Estabelecer un **plan de acción local destinado a mobilizar as 18.500 vivendas desocupadas existentes na cidade**, co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiro a prezos económicos.
18. Poñer en marcha un **Plan Municipal Facilitador do Alugueiro en Vigo**, que inclúa entre outras medidas que o Concello asuma e responda polos avais e seguros que están esixindo as e os propietarios de cara a subscribir os contratos de alugueiro, así como unha liña de axudas municipais para anticipar os pagos das fianzas e permitir a súa devolución en 24 meses sen xuros, destinada especialmente a mocidade e persoas con baixos recursos.
19. Instaremos a Xunta de Galiza e ao Goberno español para cooperar e, no exercicio das súas respectivas competencias, adoptaren todas as medidas necesarias para

frear o aumento dos prezos da vivenda, tanto en réxime de compra-venda como de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.

20. **Esixiremos da Xunta de Galiza o exercicio pleno das súas competencias no referido á promoción do acceso social á vivenda na cidade de Vigo** e, singularmente, a garantir unha alternativa habitacional digna no noso termo municipal ás persoas e familias en situación de vulnerabilidade social que sexan vítimas dun desafiuzamento, así como a despregar unha decidida promoción pública de vivenda na nosa cidade.
21. Demandaremos da Xunta de Galiza a **modificar as previsións no Plan Parcial de Navia** para aumentar substancialmente as vivendas de promoción pública para as destinar a alugueiro a prezos económicos.

Un novo modelo urbano

A cidade é moito máis que un espazo, é, sobre todo, unha comunidade humana. Por iso apostamos por impulsar un novo modelo urbano coas persoas no centro. Avanzando cara a unha cidade máis compacta, policéntrica e vertebrada desde os barrios e as parroquias, respectuosa cos ámbitos rurais e periurbanos e sustentábel en termos ecolóxicos. Cun desenvolvemento urbanístico ao servizo da cidade e do interese público, cunha planificación racional e axustada ás necesidades reais, con disciplina urbanística, coa máxima seguridade xurídica e mecanismos de control máis abertos e participativos, que permita alargar o solo dotacional e de zonas verdes da cidade e facilitar o acceso social á vivenda. E dotando a cidade das infraestruturas que precisa.

Urbanismo ao servizo da cidade

22. Tramitación, coa máxima transparencia e participación veciñal, do **novo Plan Xeral de Ordenación Municipal** reorientándoo e modificándoo, de acordo as alegacións veciñais recibidas ao seu documento de aprobación inicial. Excluindo, por innecesarios e polo seu grave impacto social e ambiental, o proxecto de novos viais PO-010 e A-52, en Beade e Bembrive, que ameazan con tronzar o rural de Vigo.
23. **Reformulación da Xerencia de urbanismo**, converténdoa nun instrumento áxil e eficaz e nunha verdadeira axencia pública de desenvolvemento urbano.
24. **Reactivación do Consello sectorial de Urbanismo** como máximo órgano de participación e que englobe a axentes económicos, sociais, ambientais, profesionais e veciñais.
25. **Intervención prioritaria na recuperación e rexeneración dos cascos históricos** (Bouzas e Casco Vello) mediante a ampliación do ámbito de actuación do Consorcio, dándolle prioridade á diversidade e a complementariedade dos usos e das actividades.

26. **Prioridade no desenvolvemento daquelas figuras urbanísticas que teñan reservado solo para vivenda protexida, solo dotacional cun claro contido de actuación social** (cultural, servizos sociais, etc..) preto dos núcleos de poboación, obtención das infraestruturas básicas, **ou a dotación dun sistema xeral de zonas verdes**, conectando os distintos sistemas e dando como resultado a continuidade e a homoxeneidade do territorio e a utilidade social e biolóxica.
27. **O patrimonio histórico-artístico como elemento de recuperación cultural e social**, mediante a posta en marcha de instrumentos que permitan unha xestión racional dos recursos patrimoniais, compatibilizando o seu uso turístico cun modelo de desenvolvemento sostíbel en beneficio da economía local e incremento da calidade da vida que posibilite, á súa vez, a recuperación e o mantemento do patrimonio..
28. A intervención pública na **recuperación da habitabilidade do centro urbano**. A urxencia no remate e desenvolvemento das actuacións previstas nos ámbitos degradados do casco urbano, na liña de promover a súa recuperación como espazos habitábeis e dinamizando a súa oferta de servizos.
29. **Potenciación da Oficina de Rehabilitación e alargamento das ARI** (Áreas de Rehabilitación Integrada) para estender o acceso a axudas de rehabilitación.
30. A **recuperación do bordo litoral**: a prioridade de achegar a cidade ao mar, caso de Beiramar, ou a actuación medioambiental urxente como no caso da recuperación do areal de Samil.
31. **Incorporación da perspectiva de xénero no deseño e ordenación urbanística**.
32. **Oferta ás persoas propietarias de solares no casco urbano que estean en desuso** para a súa cesión temporal ao concello por un tempo non inferior a 10 anos para darlles uso público.
33. Modificar a normativa municipal para **restrinxir a proliferación de valados publicitarios privados**.
34. **Elevar a protección do patrimonio arquitectónico** de construcións anteriores a 1960 e daqueles edificios que foron referencia industrial.

Infraestruturas

35. **Mellorar a planificación na execución de obras municipais**, evitando a súa concentración temporal, acurtando os prazos de execución e evitando actuar simultaneamente en ambas as marxes das rúas, para reducir as molestias á veciñanza.
36. Creación dunha **Comisión de Seguimento das Obras Públicas Municipais**, con participación do movemento veciñal, das organizacións sindicais e de persoas expertas para realizar un control exhaustivo dos traballos

37. **Redacción participativa e transparente do Plan estratéxico, o Plan Director de Infraestruturas Portuarias, e Delimitación de Espazos e Usos Portuarios** do Porto de Vigo que definan a actividade portuaria na nosa cidade como de carácter estratéxico e aposten no seu desenvolvemento sustentábel a través da ordenación e racionalización dos usos e instalacións portuarias.
38. **Aposta decidida polo desenvolvemento da PLISAN (Plataforma Loxística-Industrial Salvaterra-As Neves) como ‘Porto Seco’, delimitándose como espazo de dominio portuario** e dotándoa de conexión ferroviaria. Isto permitiría desprazar á PLISAN concesións que actualmente ocupan espazo portuario –e que non teñen por que estar na primeira liña de mar– despexando o porto mediante a desafección de zonas de dominio portuario no ámbito municipal. Estas zonas xa se dedican hoxe a usos urbanos e, en moitos casos, o Concello vese na obriga de abonar canon por elas á APV (Autoridade Portuaria de Vigo).
39. **Mellora da conexión ferroviaria das terminais portuarias da cidade.**
40. Promover a constitución dunha **Mesa do Porto**, con participación de todas as administracións públicas, axentes portuarios, representantes veciñais, colectivos medio-ambientais, organizacións sindicais e empresariais e a Universidade de Vigo.
41. Ademais de manterse a superficie dedicada á construción naval, debe haber unha reserva de solo para o **Centro de Reparacións Navais** nesa área.
42. **Desenvolvemento das infraestruturas esenciais:** os túneles de Beiramar, Xulián Estevez, cruce Avda. Castelao-Martín Echegaray, a remodelación da Avda. Madrid e o soterramento da VG-20 en Navia.
43. **Prolongación do túnel de Beiramar dende o Berbés ate a rotonda de Bouzas** de cara a completar a rolda litoral.
44. **Proceder á desafección do dominio portuario daqueles espazos nas zonas de interacción porto-cidade** que xa teñen un evidente e consolidado uso urbano ou non-portuario.
45. Promover a **mellora do punto de ataque do transporte de viaxeiros de ría (Vigo-Cangas-Moaña, etc.).**
46. **O edificio da estación transatlánticos debe cualificarse como dotacional**, como figuraba no proxecto de Abrir Vigo ao Mar, a excepción da superficie estritamente destinada á recepción de cruceristas. O resto dos servizos deben estar localizados noutros espazos.
47. **Promover un novo convenio entre o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria para precisar as responsabilidades de mantemento e xestión do Paseo das Avenidas**, e desafectación dos xardíns e rúa de Montero Ríos, así como da Praza da Estrela.

48. **Extinción na zona da Lagoa, dos usos industriais, comerciais e de almacenamento e de depósito de mercadorías** cos compromisos precisos para o seu traslado, o mantemento dos postos de traballo e a desafectación da praia da Lagoa.
49. Nova ordenación máis acaída ás necesidades das persoas que habitan na **zona de Ríos-Teis**, así como unha ordenación e saneamento das propias praias.
50. **Oposición frontal, exercendo todos os medios institucionais, administrativos e xudiciais, fronte a calquera proxecto de novo recheo ou aterramento** para ampliar as instalacións portuarias, absolutamente innecesarios e gravemente prexudiciais para o ecosistema e para a sustentabilidade da Ría de Vigo.
51. Actuación decidida para **completar o saneamento da Ría de Vigo**, demandando financiamento de Xunta e Estado, e implementando sistemas de depuración industrial na lámina portuaria para evitar a vertedura de augas contaminadas.

_Revolucionar a mobilidade

A mobilidade é un factor central que define a realidade urbana. Avanzarmos cara a unha cidade máis habitábel esixe un cambio no modelo de mobilidade, apostando de maneira decidida por reducir o uso do vehículo privado en favor da mobilidade peonil, do uso de bicicletas e VMP e potenciando o transporte colectivo. Para, desta maneira, crear as condicións de posibilidade que permitan reiniciarmos o proceso de democratización do espazo público que o BNG iniciamos coas peonalizacións da praza da Independencia, do Calvario ou do Casco Vello.

Novo modelo de mobilidade urbana

52. **Promover e aplicar medidas que supoñan que a mobilidade peonil sexa a primeira prioridade na mobilidade municipal**, avanzando na recuperación e creación de espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros e con usos plurais, de modo que sexan centros de socialización e convivencia veciñal (entre outros, prazas, parques infantís, auditorios ao ar libre, espazos para as persoas maiores e para a mocidade...). Elaboración dunha ordenanza de uso dos espazos públicos do Concello para ordenar e facilitar o seu emprego.
53. **Priorización da bicicleta e dos medios de transporte público colectivo** fronte a outros vehículos, actuando quer na regulación, quer na ordenación da circulación e no viario urbano, segundo as características e as necesidades.
54. Revisión da ordenanza municipal que regula os **vehículos de mobilidade persoal**, para facilitar o seu uso seguro na cidade.
55. **Garantir o dereito á mobilidade a través dun conxunto de medios de transporte públicos** (bus, tren de proximidade e barco, entre outros), sustentábeis e sen ánimo de lucro, garantindo a comunicación e os desprazamentos por moi diversas causas só desde a rendibilidade social.

56. Posta en marcha de **dous novos carreiros peonís e de bicicleta** pola fachada marítima da cidade (Teís-Saiáns) e centro (García Barbón-Travesas-Navia).
57. Implantación do **servizo de préstamo-alugueiro-recuperación da bicicleta** en diferentes puntos da cidade.
58. Posta en marcha, con carácter estábel, **de zonas peonís e ciclábeis durante as fins de semana e festivos**.
59. **Combinación de zonas peonís con zonas 20 km/h**, promocionando itinerarios. Promoción da seguridade viaria sobre as multas económicas.
60. Desenvolver políticas de **promoción do ciclomotor e da bicicleta**, fomentando para esta última modalidade carrís específicos, ben na calzada ou na beirarrúa.
61. **Rede de itinerarios peonís**.
62. **Enquisas periódicas sobre a mobilidade**.
63. **Elaboración dos metrominuto e biciminuto** para estimular os desprazamentos andando e en bicicleta
64. Promoción do **uso compartido de taxi** e creación de **bono-taxi**.
65. **Plan de redución da contaminación acústica** nas zonas céntricas aplicado ao transporte.
66. **Mellora da integración intermodal do transporte público**, garantindo unha áxil conexión entre terminais (estacións de ferrocarril, terminal de bus, aeroporto e estación de transporte marítimo de ría) e a instalación de intercambiadores.
67. Dotación de **aparcamentos disuasorios** nas zonas limítrofes dos cascos urbanos, ben conectadas coa rede de transporte público.
68. Reorganización das zonas de aparcamento regulado pola XER e **implementación da zona verde e zona mixta azul-verde** para a reserva de aparcamento para residentes, singularmente do Casco Vello.
69. Redución das tarifas de aparcamentos soterrados e reserva de prazas para residentes con prezos económicos.
70. **Plan de mellora do estacionamento** para implementar medidas para reverter a falla de prazas de aparcadoiro, singularmente naqueles ámbitos máis problemáticos.
71. Despregar **novas peonalizacións** para avanzar na democratización do espazo público.
72. Garantir o cumprimento das ordenanzas e contratos públicos no relativo a **facilitar a utilización de vehículos eléctricos e híbridos** (puntos de carga, reservas de

estacionamento, exencións impositivas...)

73. **Plan de calmado do tráfico**, coa instalación de lombos redutores de velocidade e a definición de novas zonas 20 e vías de preferencia peonil.
74. Promover **programas de transporte compartido** con apoio municipal, nomeadamente no referido aos desprazamentos laborais a empresas e centros de traballo.
75. Diseñar **rutas escolares seguras** para fomentar o desprazamento a pé de crianzas até as escolas.
76. Garantir o **control da calidade do aire** a través da súa medición e da creación de observatorios urbanos e promover a redución dos tráfico innesarios que contribúen ao incremento da contaminación ambiental.
77. Avanzar no **tratamento de viais e camiños no ámbito rural como vías de coexistencia**, aumentando a comodidade e a seguraza viaria.
78. Mellor **control do nivel de ruído** provocado polo tráfico utilizando todos os instrumentos normativos, técnicos e de xestión máis acaídos a cada situación.
79. Implementación de políticas de mobilidade que contemplan a **accesibilidade no espazo público desde unha perspectiva integral** a través, entre outras medidas da supresión das barreiras arquitectónicas e sensoriais que impiden a mobilidade, incidindo moi directamente na calidade de vida das persoas.
80. Definición, a través dun proceso amplamente participativo, de **toda a cidade como Zona de Baixas Emisións**, seguindo as recomendacións da Rede de Cidades que Camiñan, a través da aplicación de medidas que reduzan globalmente a utilización de vehículo privado aos tráfico necesarios, promovendo a mobilidade peonil, a bicicleta e o transporte colectivo, **sen aplicar restricións nin sancións en función da tipoloxía dos vehículos**.

Autobús urbano

81. **Elaboración transparente e participativa dun novo modelo de servizo de autobús urbano**, apostando pola fin da súa concesión privada e a súa remunicipalización.
82. **Recuperar o acceso universal ao bono-bus normal (Tarxeta Pass)**.
83. Posta en marcha dun **bono turístico**.
84. Implantación da **gratuidade do bus urbano para menores de 14 anos e as persoas desempregadas de longa duración ou sen recursos**.
85. **Equiparación tarifaria do bono estudante co bono universitario**.
86. **Implantación de liñas mediante sistemas articulados** (tranvía, metro-tren, metro

lixeiro, trolebús etc.) por aqueles percorridos de gran densidade poboacional que sirvan de eixos vertebradores sobre os que pivoten liñas de capacidade máis reducida que atendan servizos con particularidades (casco vello, núcleos dispersos, parroquias) e que permitan enlazar distintas modalidades de transporte como o transporte de ría, interurbano e ferroviario.

87. **Prioridade no tránsito ao transporte público**, mediante novos carrís-bus e medidas de preferencia semafórica.
88. **Xeneralización das paradas en liña para facilitar a circulación dos buses.**
89. Ampliación da cobertura do servizo de autobús urbano cun **novo mapa de liñas** mediante maior frecuencia, asegurando unha agarda non superior a 15 minutos en horario laborábel e 30 minutos no restante, reducindo a duración e/ou lonxitude dos percorridos, asegurando a puntualidade e introducindo aquelas modificacións necesarias nos itinerarios en función das necesidades da poboación.
90. Mellora das cadencias, optimizando horarios de saída e despregando reforzos, para **evitar o acabalgamento de autobuses urbanos nas paradas** a reducir os períodos val sen servizo.
91. **Ampliación do billete de transferencia** coa Tarxeta Pass até un máximo de 2 transbordos gratuítos nun período de 60 minutos.
92. Asegurar un **servizo eficaz de conexión co Campus Universitario de Vigo**, reducindo tempo de traxecto, con novos puntos de lanzadeira, con máis vehículos e incorporando tamén novas paradas no seu percorrido nas parroquias periurbanas.
93. Asegurar unha **conexión real e eficaz co aeroporto**, cunha liña directa, acorde cos seus horarios mediante unha concepción metropolitana e intermodal.
94. Posta en marcha dunha **lanzadeira de conexión por bus urbano entre as estacións de tren** de Urzaiz e Guixar.
95. **Mellora da conexión por autobús urbano dos barrios e parroquias co Hospital Álvaro Cunqueiro** con novas lanzadeiras e máis frecuencias.
96. **Mellora do servizo de autobús nocturno** e posta en marcha de novas liñas.
97. Mellora e xeneralización da instalación de **sistemas de información** para a planificación de rutas en tempo real.
98. **Creación dunha nova liña CERO, con algunha modalidade de transporte articulado** (trolebús, tranvía ou metro lixeiro), **que conecte Navia até Teis**, e que dotada de suficientes frecuencias e axilidade funcione de intercambiador para outras liñas circulares e radiais.

Mobilidade metropolitana e intermodal

99. **Incorporación do Concello de Vigo no servizo de Transporte Metropolitano**, mediante un acordo coa Xunta de Galiza para o cofinanciamento da diferenza tarifaria no tramo urbano.
100. **Constitución dun ente xestor do transporte, de carácter público e ámbito metropolitano**, no que participen concellos e Goberno autonómico, co obxectivo de promover e xestionar un plano de mobilidade integral.
101. **Sistema tarifario integrado**, contemplando un sistema de tarifas acordadas ás circunstancias sociais e políticas de financiamento do sistema.
102. **Redacción de plans de mobilidade urbana** polos concellos ou –delegando nun ente supramunicipal– integrados nun plan supramunicipal de mobilidade sostíbel.
103. **Combinación dunha rede de autobuses de gran tamaño** para rutas de enlace de núcleos altamente poboados con outra de rutas de proximidade ou de barrio/parroquias atendidas por vehículos pequenos.
104. **Recuperación do noite-bus** para os días de maior actividades de lecer (fins de semana e festivos), así como de autobuses para eventos especiais que elimine aglomeracións e tráfico innecesarios.
105. Esixir a **fin da estafa da AP9** apostando nunha autoestrada galega, pública e libre de peaxes.
106. Mellora da integración da AP9, **convertendo en vía urbana o seu tramo desde as Torres de Padín**, e mellora dos pasos elevados da Xorxa e da Trapa en Teis, así como despregar a instalación de barreiras acústicas.
107. **Implantación de sistemas de información para a planificación de rutas en tempo real.**
108. Contribución e **mellora dos sistemas de transporte intelixente** para a mellora da mobilidade.
109. **Mellora e transformación dos sistemas loxísticos de mercadorías** para limitar o tempo de acceso nas zonas peonís, incrementando os espazos de carga e descarga e a súa vixilancia.
110. Destinar as instalacións da **antiga estación de autobuses, na Avenida de Madrid, a un aparcamento disuasorio e usos de carácter dotacional** e comunitario para atender as necesidades veciñais da súa contorna.
111. Esixir a **corrección do trazado da autovía A-55** para o facer máis seguro.

Tren

112. Demandar a **mellora substancial da conexión ferroviaria de Media Distancia** da cidade de Vigo, aumentando frecuencias, completando as conexións directas con todas as cidades galegas e adecuando os horarios ás necesidades da

poboación.

113. Esixir do Goberno español compromiso real e práctico, en termos orzamentarios, que permita a posta en marcha á maior brevidade da **Saída Sur de alta velocidade que conecte Vigo e Porto**.
114. Liderar a cooperación con outras administracións para a posta en marcha dunha rede de **tren de cercanías** que vertebre a nosa realidade metropolitana e que conecte Vigo polo norte co eixo Pontevedra-Vilagarcía e polo sur até Tui
115. Demandar de ADIF a adopción das medidas que foren precisas para a **mellor organización e funcionamento dos servizos ferroviarios da estación Vialia-Vigo**.
116. Reclamar a **mellora e ampliación da conexión ferroviaria da terminal portuaria** de Vigo e conectar por camiño de ferro a PLISAN.
117. Demandar da Xunta de Galiza que negocie co Estado a transferencia das competencias sobre a xestión da rede ferroviaria interna de Galiza, e licite a elaboración dun estudo e dun anteproxecto de lei para a creación dun Ente Ferroviario Galego, o **Galtren**.

Aeroporto

118. Actualización e posta en marcha do **plan director do aeroporto de Vigo**.
119. Esixir do Goberno español e da Xunta de Galiza a posta en marcha dun **Plan de Dinamización do aeroporto de Peinador**, que inclúa medidas e compromisos orzamentarios concretos, para a mellora e ampliación das pistas, mellora dos accesos á terminal viguesa, a súa conexión intermodal, a apertura as 24h ou o aproveitamento das súas potencialidades no transporte de mercadorías.
120. Campañas para a promoción e **captación de tráfico aeroportuarios de transporte de produtos perecedoiros**, como os derivados do sector pesqueiro.
121. Facilitar, cunha **concepción intermodal e de apoio ao transporte público**, a accesibilidade da poboación ás infraestruturas de transporte para a conexión interior e exterior de Peinador. No inmediato procederase á mellora dos enlaces e frecuencias de interconexión directa entre a estación de tren, porto e estación de autobuses co aeroporto mediante transporte urbano (VITRASA) e interurbano (mediante lanzadeiras).
122. **Aparcamento de baixo custe, con recollida e entrega e lavado**.
123. Posta en marcha dunha **promoción conxunta das capacidades e recursos turísticos**, facendo especial fincapé na accesibilidade, calidade, prestacións e diversidade por parte dos concellos da área e Xunta de Galiza.
124. **Reactivación do Comité de Rutas**, como instrumento de coordinación para

articular un sistema aeroportuario galego, integral e tecendo sinerxías con base especialización das tres terminais.

125. **Ampliación e estabilización da oferta de voos e rutas**, priorizando aquelas que xeren maior demanda e as relacionadas coa actividade económica da cidade.

_Máis e mellores servizos públicos

Fronte ás políticas de recortes e privatizacións, cómpre fortalecer e alargar os servizos públicos. A nivel municipal esa aposta ten que materializarse en iniciar o proceso de remunicipalización que poña baixo xestión pública os principais servizos do Concello, para que deixen de ser fonte de lucro de grandes empresas, mellorando a calidade do servizo que se presta. Aliás, é imprescindible un maior control efectivo das actuais concesionarias.

Planificación e control

126. **Implantar un enfoque plurianual e estratéxico nos investimentos locais**, elaborando un Plano Económico para o mandato da corporación municipal en que fiquen establecidas as prioridades en materia de investimentos. Neste plano figurarán as obras a executar no medio prazo, coas partidas que previsibelmente son necesarias para a súa execución, e darase tamén prioridade a investimentos que procuren melloras ambientais (eficiencia enerxética, ciclo da auga, recuperación ambiental, sendas peonís...) e sociais (equipamentos sociais e culturais que promovan a cohesión social).
127. Os proxectos de orzamentos municipais, no seu capítulo de investimentos, deberán destinar **máis recursos e financiamento á posta en marcha de dotacións** a través de plans plurianuais que permitan alargar os servizos que presta o Concello (escolas infantís, dotacións culturais, instalacións deportivas...) e corrixir os déficits dotacionais dos barrios e parroquias.
128. Esixir da Xunta de Galiza e do Goberno español un **novo modelo de financiamento local** que deixe de marxinar Vigo, así como ás restantes cidades e concellos de Galiza.
129. **Impulsar o control municipal directo e participado pola cidadanía dos servizos municipais** como medio máis eficaz e seguro para lograr que cumpran co obxectivo de ser universais e eficaces e se garanta o cumprimento estrito dos seus pregos e contratos.

Remunicipalización dos servizos públicos

130. Impulsar unha axenda de **rescate progresivo dos servizos públicos privatizados**, dando prioridade neste rescate ao transporte urbano e a xestión da auga e do saneamento.
131. **Modificar o recibo da auga** de tal maneira que se pague só polo consumo real, estimulando o aforro e penalizando os consumos excesivos.
132. **Renuncia expresa polo Concello a ningunha prórroga das actuais concesións** e estudar as fórmulas legais que permitan a reversión das xa asinadas, para desta maneira anticipar o rescate público.
133. Creación dunha **Comisión de Remunicipalización de Servizos** formada por todos os grupos municipais, e mais técnicos dos servizos económicos, servizos xerais, xurídicos, secretaría xeral e intervención, para o estudo e definición dos diferentes modelos e formas de xestión pública.
134. Constitución dunha **Empresa Pública Municipal de Servizos**, como medio para a progresiva remunicipalización dos servizos básicos e/ou de interese social que arestora fan parte de concesións a empresas privadas ou son obxecto de contratación pública, e tamén para a prestación de novos servizos para a mellor atención das necesidades da veciñanza. No caso das concesións municipais, a súa reversión deberá garantir a subrogación dos seus cadros de traballadores.
135. **Auditoría técnica** sobre o estado das infraestruturas, patrimonio municipal que estea xestionado polas concesionarias, cadro de persoal da empresa (contratos, antigüidade, funcións) de cara a súa subrogación polo novo ente público xestor.
136. **Promover a modificación normativa a nivel galego e estatal**, para retirar os atrancos legislativos para a recuperación da xestión pública directa dos servizos municipais.

Control das concesionarias

137. Implantar **sistemas efectivos de control e de inspección dos servizos de xestión indirecta e privatizada**, recuperando a función da Oficina de Control das Concesionarias e poñendo en marcha un Observatorio da Contratación para supervisar de maneira continuada o funcionamento de todos os servizos municipais baixo xestión privada, velando polo estrito cumprimento dos pregos e contratos de adxudicación e o respecto aos dereitos laborais.
138. Garantir a constitución da **Comisión Informativa de Vixilancia da Contratación** do Pleno, que malia ter carácter obrigatorio non se constituíu no último mandato.
139. **Dotar á Intervención municipal de todos os medios, materiais e humanos, precisos** para dotala da capacidade operativa que garanta a adecuada supervisión e fiscalización dos contratos do Concello.

140. **Realizar unha auditoría municipal de todos os servizos concesionados**, revisando o seu funcionamento e rendemento económico-financeiro.
141. **Exixir ás empresas concesionarias e contratadas o respecto estrito dos dereitos laborais e sindicais do seu persoal.**
142. **Inclusión de cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e lingüísticos.** Así, introducíranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, lingüísticas e con perspectiva de xénero, valorando ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social.
143. **Aposta polas compras e subministracións de produtos que existan en galego** (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto, responsábel e ético.
144. **Valoración nos procesos de contratación pública do Concello do domicilio social** das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego.

Sanidade pública

145. Máis alá das escasas competencias de que dispoñen os concellos no ámbito sanitario, dende o BNG continuamos mantendo **o noso compromiso coa defensa dunha sanidade galega pública, universal, gratuíta e de calidade**, esixindo da Xunta que atenda ás necesidades da cidade máis poboada de Galiza e da súa ampla área sanitaria.
146. Demandamos o **rescate da concesión privada do Hospital Álvaro Cunqueiro e a absorción de Povisa na rede pública do Sergas.**
147. Seguiremos a exixir o **aumento do número de camas de media e longa estancia**, e incrementar os recursos socio-sanitarios (residencias asistidas, centros de día, xeriátricos etc.).
148. Reclamar un **plan específico para reducir as intolerábeis listas de espera**, que permita optimizar os recursos e o funcionamento dos hospitais, aumentando os recursos humanos e materiais se é preciso, aplicando tempos de atención garantida sempre no marco da sanidade pública.
149. Promover a **Atención Especializada en réxime ambulatorio** á poboación: potenciando a creación de centros de consulta de especialidades alí onde sexan precisos, dotándoos de recursos suficientes tanto humanos como materiais.
150. A Atención Primaria ten que ser o eixo da Sanidade Pública polo que esiximos da Xunta de Galiza o incremento da dotación de recursos **no campo da atención primaria** e a creación **de novos centros de Atención Primaria de carácter**

público en función do crecemento da poboación e dos novos asentamentos (tendo en conta criterios que adecúen os cadros de persoal ao volume de poboación tal e como se establecía no Plan de Mellora de Atención Primaria).

151. Demandaremos **que se garanta o dereito a atención pediátrica presencial** nos centros de saúde en todo o termo municipal en quendas de mañá e tarde, e a cobertura co persoal necesario en caso de ausencia por baixa do persoal médico especialista.
152. O Sergas debe dotar dos medios humanos e materiais suficientes o **Punto de Atención Continuada** para poñer fin a súa situación de colapso. Proporemos a posta en marcha de dous novos PACs, en Teis e Navia, para descentralizar este servizo e achegalo á veciñanza, así como a Atención Continuada Pediátrica en fin de semana para evitar saturar as urxencias hospitalarias.
153. Seguiremos a urxir a posta en marcha do **Centro de Saúde de Bouzas**, con como mínimo 6 consultas de atención primaria, pediatra e servizo de traballo social.
154. Mentres fiquen en vigor o concerto especial con Povisa, o Sergas debe garantir que este centro médico que atende a unha parte importante da poboación da área sanitaria de Vigo, se axusta ás **mesmas ratios e condicións de persoal sanitario que na atención hospitalaria baixo xestión pública**, así como o respecto aos seus dereitos laborais, para garantir unha atención en iguais condicións.
155. **Promoción activa da vacinación** a través de campañas informativas en colaboración coa comunidade escolar e o Sergas.

Ensino público

156. Recuperación de espazos para a **creación ou ampliación de escolas públicas próximas ou no centro da cidade**.
157. Participación directa do Concello de Vigo e da comunidade educativa viguesa na elaboración dunha **nova zonificación escolar para a cidade**.
158. **Participación na admisión do alumnado**, para promover unha distribución máis equilibrada de alumnado con necesidades educativas especiais.
159. Colaboración para o **alargamento dos denominados servizos complementarios**.
160. Creación de **circuíto escolares** de diversos tipos entre os centros, como competicións deportivas, literarias, artísticas, etc.
161. Conservación e **actualización dos equipamentos** mediante o mantemento das instalacións ou, de ser o caso, creación de novos centros.
162. **Eliminación das barreiras arquitectónicas**
163. Obrigatoriedade de **inspección específica dos edificios** educativos.

164. **Dereito universal e gratuíto de comedores escolares.** Estudo das instalacións para valorar e promover a cociña pública con xestión directa.
165. **Estudo pormenorizado das rutas de autobuses,** evitando duplicidades e zonas baleiras.
166. Fomento de novos **programas escolares:** de desenvolvemento persoal fóra de roles e estereotipos de xénero, coeducación, etc.
167. Ofrecer aos departamentos de orientación dos centros e ás asociacións de pais e nais, **programas de prevención da LGBTfobia,** así como de asesoramento a alumnado LGBT e aos seus familiares coa colaboración de colectivos.
168. Realización de programas de **sensibilización e visibilización da diversidade sexual,** de xénero e familiar no ámbito escolar, así como campañas específicas para a erradicación do acoso escolar LGBTfóbico.
169. Promoción da inclusión de **contidos sobre a diversidade familiar** nos centros de primaria.
170. **Promover activamente a coeducación** en todos os niveis educativos.
171. **Incremento das escolas infantís** de 0-3 anos para atender a demanda neste tramo educativo, garantindo que ningún rapaz ou rapaza nesta idade quede sen praza.
172. Poñer en marcha **programas municipais de apoio aos centros educativos públicos,** nomeadamente os de educación primaria, para axudar na implantación de **pedagogías activas,** na promoción da **convivencia,** na mellor atención do alumnado **NEAE** nas actividades extraescolares e nos servizos complementarios e na promoción da **saúde escolar.**
173. **Os contidos, métodos e procedementos de aprendizaxe estarán baseados na cultura e idioma propios de Galiza.**
174. Demandar a construción dun **Instituto de Educación Secundaria no PAU de Navia.**
175. **Aumentar a rede de vías escolares seguras** promovendo a mobilidade peonil.
176. Solicitar o **aumento da oferta de Formación Profesional** na cidade.
177. Creación dun **servizo municipal de asesoramento familiar.**
178. O Concello **promoverá de maneira activa a matriculación escolar nos centros públicos,** e deixará de publicitar a través de ningún medio municipal a oferta privada-concertada.
179. Recuperación do **programa escolar “Vigo por dentro”.**

180. Creación dun programa escolar específico de **consumo responsábel e redución do lixo**.
181. Creación dun **programa municipal de “Educar en familia”**, con actividades deseñadas para toda a familia e que permitan ensinar a nosa cultura, crear hábitos saudábeis, promocionar valores como solidariedade, respecto, tolerancia por todo o noso entorno (veciñanza, lugares, medioambiente...)
182. Colocación de **marquesiñas nas paradas de autobús escolar**, en colaboración coa Xunta de Galiza.
183. **Ampliación das prazas en residencias públicas** para alumnado de estudos post-obrigatorios.
184. **Mellora dos patios dos colexios públicos, dotándoos de zonas cubertas**, e cunha organización do espazo que permita o seu uso educativo, creativo, igualitario, non-sexista, atractivo e útil.
185. **Mellora das zonas verdes e axardinadas dos colexios públicos**, como espazos de xogo e lecer, e impulso á creación de hortas escolares.
186. **Creación dun programa municipal de divulgación científica a nivel escolar**.
187. **Apoio decidido ao proxecto de Campus do Mar na ETEA**.
188. **Mellorar a integración da Universidade de Vigo na vida da cidade**, pulando por unha maior cooperación institucional e a procurando a súa colaboración activa en todos os ámbitos.
189. **Demandar a creación da Escola Superior de Danza en Navia** para, xunto coa Escola Superior de Arte Dramática e o Conservatorio Superior de Música, configurar un verdadeiro **campus artístico**.

Un presente sustentábel para termos futuro

Avanzar nunha cidade ecoloxicamente máis sustentábel é unha tarefa de presente para termos futuro. Enfrontar desde o local a situación de emerxencia climática, protexer e valorizar os espazos naturais da cidade e o seu litoral, promover un maior benestar animal, e abordar un novo modelo de xestión dos residuos, da enerxía e da auga, son tarefas tan estratéxicas como urxentes.

Residuos municipais

190. Elaboración dun **plan director de residuos municipais (RM)** que teñan como horizonte a substitución paulatina do modelo Sogama, mediante medidas que supoñan a redución, reutilización e reciclaxe dos residuos.
191. **Campaña de sensibilización e concienciación para a redución, a reciclaxe e a reutilización dos RM**.

192. **Impulso da compostaxe da fracción orgánica dos RM**, tanto doméstica como comunitaria, mediante a distribución e posta en marcha de composteiros nas zonas máis rurais da nosa cidade, así como en comunidades urbanas con zonas axardinadas.
193. **A recollida diferenciada da materia orgánica**, dentro do sistema xeral, na zona urbana compacta e nos establecementos de hostalería, para a súa reutilización mediante a compostaxe.
194. **O incremento na distribución de colectores para a recollida selectiva do lixo.**
195. Potenciación da **recollida de aceites domésticos e graxas animais.**
196. O deseño e posta en marcha **dunha planta metropolitana de compostaxe e recuperación dos entullos de obra** como materiais para novas construcións.
197. A posta en marcha de **puntos limpos** nos barrios e parroquias co criterio de reciclaxe e reutilización dos materiais alí depositados, así como o fomento de iniciativas de recuperación e optimización dos devanditos recursos e o fomento da redución na orixe, nomeadamente nos polígonos industriais.
198. **Ordenanzas fiscais adaptadas ao novo modelo de xestión dos RM** que primen a recollida de calidade, a autocompostaxe e a redución da produción de residuos.
199. Colaboración pública coas entidades sociais e comunidades de montes para a **mellora dos solos forestais e produtivos** coa achega de materia orgánica.
200. **Promoción da concienciación e sensibilización social** sobre a xestión dos residuos.

Ciclo da auga

201. **Esixir da Xunta da Galiza a elaboración, financiamento e execución dos plans galegos de saneamento, depuración e abastecemento.**
202. **Mellorar o sistema de saneamento** (en colaboración coa Xunta da Galiza) procurando as solucións máis adecuadas aos diferentes tipos de núcleos, á súa configuración orográfica e tamaño.
203. Realización dunha **auditoría integral na rede de abastecemento de auga** para detectar e resolver fugas.
204. **Completar a modernización da estación potabilizadora do Casal.**
205. Deseño dun **Plan de racionalización do uso da auga**, evitando a utilización de auga potábel en labores de limpeza e a restrición do consumo en usos ornamentais, e promovendo a eficiencia hídrica.
206. Implantar a **recollida separativa de augas pluviais** en toda a cidade.

207. Manter un **sistema de vixilancia e control da rede** para arranxar as deficiencias existentes e detectar as novas que puideren xurdir, tanto en abastecemento como en saneamento.
208. **Colaborar coas comunidades de augas**, o sistema de abastecemento de auga no rural máis adecuado do punto de vista ambiental, para garantir auga de calidade e en cantidade suficiente para os núcleos rurais ou periurbanos.
209. Impulsar un **cambio de modelo de xestión integral da auga**, desde a concepción da auga como un ben social básico e escaso, que teña en conta o problema cíclico da seca e a súa previsíbel agudización nos próximos anos debido ao cambio climático: un novo modelo que coide os recursos hídricos (como fonte dunha inmensa riqueza biolóxica, paisaxística, social e económica que hai que preservar) e que comprometa as institucións e toda a sociedade na corresponsabilidade, no aforro, na reutilización e, en definitiva, nun uso racional, eficiente e sustentábel dos ecosistemas fluviais e da auga.
210. Incorporación nos proxectos de urbanización e desenvolvemento de novas áreas de **procesos de drenaxe sustentábel que reduzan a impermeabilidade dos solos**.
211. Promover a **reutilización e almacenaxe das augas de chuvia** na prestación de servizos e traballos a desenvolver pola propia administración local.

Iluminación e enerxía

212. **Mellorar e renovar as redes de alumado público**, cos criterios de aforro enerxético, eficiencia lumínica e calidade técnica e estética.
213. Introducir elementos e actuacións de **racionalización do consumo**.
214. **Demandar ao Estado unha tarifa eléctrica especial para o alumado público** para dar resposta ás necesidades e singularidades do modelo de asentamento territorial de Galiza.
215. **Creación de comunidades enerxéticas ou sistemas de consumo asociado para a iluminación pública**.
216. **Combater a contaminación lumínica**, a través dunha nova ordenanza municipal de acordo á evidencia científica e a parámetros técnicos, co obxectivo de recuperar o ceo nocturno na cidade e no conxunto da Ría de Vigo.
217. **Traballar por un modelo enerxético galego, público, sustentábel, distribuído e xusto**. A respecto do autoconsumo e das comunidades enerxéticas, defender cambios normativos que favorezan estas opcións sociais, colectivas e de proximidade.
218. Impulsar a **creación de comunidades enerxéticas locais**, proxectos de autoconsumo, redes de calor e outras alternativas de enerxías renovábeis de

proximidade.

Espazos naturais

219. Acometer o **saneamento, recuperación e rexeneración integral do tramo pendente do Lagares e dos seus afluentes**, eliminando os puntos de vertido existentes e aplicando medidas preventivas naqueles focos contaminantes potenciais, como o caso das industrias asentadas nas súas beiras.
220. **Delimitación e marcado das zonas de servidume do sistema fluvial e realización**, en primeiro lugar, do paseo do Lagares dende a Avda. de Madrid até o seu nacente, transformando o conxunto nun grande parque conectado coas zonas húmidas (lagoa de Goberna, Muíños, Barreiro, A Bouza, O Vao e Fontes-Pertegueira principalmente) e, na desembocadura, co subsistema litoral,
221. Realización do inventariado da flora e a fauna que, xunto co do patrimonio arqueolóxico, sirvan de base para **declarar ao Lagares como espazo natural de interese local**.
222. Dada a especial vulnerabilidade dos montes de Vigo como consecuencia da proximidade a unha cidade en continua expansión e gran vitalidade que provoca tensións ambientais, é necesario a culminación dos traballos para o conxunto dos montes de Vigo contemplado no proxecto Natureza Viva, conformando un **parque periurbano de ámbito metropolitano** que cumpra un papel estratéxico no entramado urbano e que preste un servizo ambiental e de desenvolvemento social, harmonizando os distintos usos e aproveitamentos e integrando actuacións de colaboración con outros concellos limítrofes.
223. Apostar por **unha ordenación dos montes** que permita o seu aproveitamento racional e sustentábel, produtivo, ambiental e tamén para lecer e práctica deportiva.
224. **Promover a homologación dos asadores e churrasqueiros** dos parques forestais da cidade á normativa de seguridade e prevención de incendios.
225. **Programa de eliminación dos vertidos “incontrolados”** mediante un seguimento continuo das calidades das augas dos ríos a través de sistemas de telecontrol.
226. **Impulso da rede de hortas urbanas**, garantindo a súa actividade durante todo o ano.
227. **Recuperación integral do sistema dunar de Samil** trasladando as instalacións actualmente localizadas sobre a praia, recuando e substituíndo o actual paseo de formigón por unha senda de pasarelas de madeira en altura.
228. **Aumentar o apoio municipal ás Comunidades de Montes en Man Común** da cidade para poñer en valor, facilitar o desfrute social do monte e reforzar as accións de prevención dos lumes.
229. **Declarar Vigo cidade libre de eucalipto e outras especies pirófitas**, estimulando

a través da cooperación coas Comunidades de Montes e outras asociacións e colectivos da cidade a substitución por outras especies forestais autóctonas.

230. **Loitar activamente contra a lacra dos incendios forestais**, dentro das competencias municipais. Traballando na prevención e velando polo rigoroso cumprimento da normativa de protección de núcleos rurais.
231. **Axilizar a creación do Anel Verde**, como corta lumes próximo as casas ademais de converterse nunha infraestrutura deportiva e de lecer para toda a cidadanía.
232. **Mellora urxente da atención dos Parques Forestais** segundo o convenio existente e o establecido nos pregos da contrata correspondente.
233. **Reforzar as cuadrillas de limpeza e conservación do monte** periurbano que actualmente están financiadas polo Plan de Emprego Local.
234. Implantar un **programa permanente de educación e dinamización nos Montes de Vigo**, centrándose no coñecemento do monte por parte da cidadanía e particularmente dos escolares.
235. Despregar medidas para **combater o depósito de restos de obras e outros obxectos nos montes de Vigo** e a circulación indebida nestes de vehículos de motor.
236. Apoiar a proposta, formulada polo BNG en Bruxelas, para crear unha **Axencia Europea dos Océanos con sede en Vigo**.
237. **Recuperación integral das zonas verdes e areas da ETEA**.
238. **Mellora da atención e mantemento das zonas verdes** e axardinamentos públicos no conxunto da cidade.
239. **Garantir o soterramento das liñas de acometidas e subministros na vía pública** (telefonía, electricidade, etc), para reducir o seu impacto paisaxístico e ambiental, así como os riscos para a seguridade.
240. **Elaboración e implantación dunha Estratexia Local fronte a Emerxencia Climática**, incorporando as mellores prácticas internacionais, e incluíndo medidas concretas cun cronograma definido: instalación de pavimentos non selantes, reverdecemento dos espazos públicos e potenciación do arboredo urbano, dispoñibilidade de fontes de auga potábel ou deseño dos espazos públicos sobre criterios de sustentabilidade.

Benestar animal

241. **Elaboración, en colaboración cos colectivos animalistas e de defensa ambiental, dunha Ordenanza Municipal de Protección e Benestar Animal**, que substitúa a actual ordenanza para a protección e tenencia de animais.
242. **Poñer fin ao modelo exhibicionista de VigoZoo**, reconfigurándoo como centro

de recuperación de fauna e de sensibilización ambiental.

243. **Ampliación e reorganización do refuxio municipal de A Madroa.**
244. **Programa estábel de axudas municipais para entidades non lucrativas de protección animal.**
245. Posta en marcha dun **programa de control e xestión de colonias de fauna urbana**, a través da esterilización e sobre o principio de “sacrificios cero”, e a súa sinalización para evitar atropelos.
246. Aplicación de **medidas preventivas e disuasorias para a fauna silvestre**, así como a implementación de pasos seguros que eviten a sinistralidade vial.
247. Estudo e desenvolvemento de proxectos-piloto para **permitir o acceso de animais domésticos ao servizo de autobús urbano**, así como ao albergue municipal e outras instalacións públicas.
248. Avanzar na **limitación estrita da práctica da caza en todo o termo municipal**, cara a súa desaparición.
249. Dotar de efectividade a declaración, atinxida por acordo do Pleno a proposta do BNG en 2022, de **Vigo como cidade contraria ao maltrato animal**, incluídas as touradas como expresión de tortura.
250. **Programa municipal de esterilización de animais de compañía**, de maneira gratuíta para persoas con escasos recursos.
251. **Promover a adopción de animais de compañía** fronte ao modelo mercantilista.
252. **Avanzar na eliminación das restricións no relativo a uso do espazo público**, a principiar polas praias e areas, garantindo a convivencia, a seguridade, a hixiene e o respecto á fauna silvestre. Revogación do acordo da Xunta de Goberno que impuxo a delimitación da praia da Calzoa e da Foz como únicos areas autorizados para a presenza de cans, e definición a través dun proceso participativo (con colectivos animalistas, organizacións de defensa ambiental e colectivos veciñais) dun novo modelo de consenso.
253. Pular pola incorporación de opcións de menú vegano nos comedores escolares e en todos os eventos e actividades organizadas ou subvencionadas polo Concello de Vigo.

254. Estudar a posta en marcha dun **servizo veterinario municipal**, destinado fundamentalmente a persoas e familias de baixos recursos.

_Máis deporte, máis saúde

Vigo ten unha enorme potencia no ámbito deportivo que ten de ser alentada por un apoio decidido desde o Concello, promovendo a práctica deportiva, axudando aos clubs e garantindo dotacións e equipamentos dignos para todas as disciplinas. Ademais, é preciso despregar medidas reais para avanzar cara un modelo de cidade máis saudábel.

Actividade deportiva

255. A **consolidación do enfoque transversal** que deben adquirir as políticas en materia de actividade física e deporte, débese facer nun diálogo permanente con todos os sectores implicados.

256. En diálogo cos estamentos deportivos (federacións, clubs, etc.) da cidade débense **avaliar os orzamentos e as necesidades de infraestruturas** para a práctica deportiva tanto a nivel de barrio e parroquial como por modalidades deportivas a través dun programa estratéxico de Vigo.

257. Poñer en marcha, de maneira inmediata, a **reforma integral das pistas de atletismo de Balaídos**, demandando a Xunta de Galiza que cumpra o convenio suscrito en 2009.

258. Estudar a **posibilidade de dotar a cidade dunha segunda pista de atletismo** no barrio de Teis ou Navia.

259. A Concellería de Deportes debe **pular pola organización de eventos deportivos** con varios obxectivos:

- Amosar e fomentar a práctica deportiva, dinamizando as instalacións municipais.
- Fomentar a igualdade de xénero na práctica deportiva.
- Atraer recursos económicos.
- Como un elemento de sinal de identidade, apoiando as seleccións galegas.

260. **A política deportiva abranguerá todos os ámbitos de actuación:** infraestruturas deportivas, o deporte escolar, o deporte base, o deporte federado, o deporte popular recreativo, o deporte para persoas con diversidade funcional, o deporte para maiores, o deporte tradicional.

261. Elaborar un **diagnóstico da situación específica das mulleres** e liñas de actuación no ámbito deportivo

262. **Previr o abandono da actividade física e deportiva das adolescentes.**
263. **Artellar alternativas flexibles para a actividade física** e deportiva de mulleres adultas Apoiar as iniciativas de reivindicación de igualdade das mulleres deportistas.
264. **Promover o deporte feminino**, en todas as disciplinas. Terase en conta o baloncesto e o fútbol. para que as equipas de Vigo alcancen as máximas categorías de competición.
265. **Promover a práctica dos deportes náuticos**, con programas de “primeira experiencia” para infancia e mocidade, apoiando os clubs e poñendo en marcha un programa Deportes H2O, en modalidade de campus deportivo de verán.
266. **Creación dunha pista de *parkour* e dun campo de béisbol municipal.**
267. Creación dunha **mini liga familiar**: Deporte en familia (equipos de familias usando as instalacións dos colexios).
268. Dotar de **máis instalacións para a práctica de BMX e skate** e crear un programa municipal estábel de deportes urbanos.
269. **Recuperación da piscina olímpica da ETEA.**
270. **Potenciar os deportes autóctonos e os xogos populares**, e promover o deporte tradicional a nivel local e comarcal, como expresión da nosa cultura deportiva.
271. **Revitalizar a Fundación Vigo Deporte (VIDE)**, potenciando o programa Siareiros/as, duplicar o financiamento municipal para axudas a clubs e deportistas, incluír novas disciplinas deportivas na *Vigo Cup* para alén do fútbol e fútbol sala, aumentar a duración e número de prazas do Campus Polideportivo, e poñer en marcha a iniciativa “Vigo Cidade do Deporte” para referenciar a urbe como sede de grandes eventos deportivos.
272. **Creación dun Programa Municipal de Apoio ao Deporte de Alta Competición**, con axudas estábeis a clubs e deportistas.

Cidade saudábel

273. Afondar no **desenvolvemento de Vigo como cidade saudábel** de acordo coas estratexias da OMS “Saúde XXI” e da Rede de Cidades Saudábeis, cun compromiso orzamentario claro.
274. Xerar **políticas de saúde transversais** onde participen todas as áreas do Concello.
275. **Fomentar a participación comunitaria** na saúde de base e a participación dos e das profesionais sanitarias, tanto na toma de decisións como no fomento da investigación.

276. **O Concello liderará a demanda dunhas infraestruturas sanitarias públicas** acaídas fronte á política de recortes privatizacións do Partido Popular na Xunta de Galiza.
277. **Elaborar un diagnóstico de saúde da Área de Vigo** e, en función deste, un Plan de Saúde.
278. Desenvolver **programas de Educación para a Saúde na escola**, para as persoas maiores e na comunidade.
279. Promover políticas e **actuacións en prol da saúde e o desenvolvemento sostíbel no ámbito local** facendo fincapé nos determinantes da saúde, nas persoas que viven na pobreza e nas necesidades dos grupos vulnerábeis.
280. Capacitar **o desenvolvemento de programas municipais de saúde aos líderes sociais** (veciñais, colectivos de voluntariado, ONGs, profesionais) para que actúen como axentes de saúde.
281. De cara a buscar unha política de saúde transversal, **nomear un técnico responsábel de coordinar as políticas de saúde** a aplicar polas distintas concellarías, así como fomentar a oferta de actividades formativas para o persoal municipal no ámbito da saúde pública.
282. Crear o **Consello Municipal de Saúde** como canle institucional de participación dos e das profesionais da sanidade e dos colectivos cidadáns, tanto na toma de decisións como no desenvolvemento de programas de promoción da Saúde e da Educación para a Saúde.
283. Impulsar e **coordinar o traballo que as diferentes ONGs** están a desenvolver na Área Socio-Sanitaria.
284. Pór en marcha **programas de difusión de hábitos de vida e alimenticios saudábeis**. Programa Vida San.
285. Desenvolvemento de programas e/ou campañas de **información e prevención sobre as infeccións de transmisión sexual**, e en especial sobre o VIH.
286. Crear **plans sanitarios específicos dirixidos a persoas e colectivos en situación de pobreza e/ou exclusión social**.
287. Promover e desenvolver **actividades que contribúan a calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres**, fundamentalmente as coidadoras
288. **Previr as prácticas de risco para a saúde das mozas e adolescentes**, abordando as adiccións e as situacións de violencia machista asociadas a elas.
289. Desenvolver unha **actitude proactiva para identificar situacións de violencia machista**, traballando en colaboración co servizo de igualdade
290. **Favorecer a aceptación positiva da propia identidade sexual**

291. Despregar un **programa municipal de prevención e superación de adiccións**.

292. Tomar medidas para **evitar a instalación de casas de apostas na cidade**.

293. Posta en marcha dun **Programa Municipal de Apoio á Saúde Mental**.

_Devolverlle o Concello á veciñanza

Democracia é moito máis que votar cada catro anos. Unha democracia real e plena ten que permitir a participación directa e protagónica da cidadanía na toma de decisións, sen limitar esta á participación nos procesos electorais. Urxe poñer fin ao crecente autoritarismo e a permanente xordeira no relacionamento do Concello co tecido asociativo e co conxunto da veciñanza. Con máis diálogo, máis transparencia e máis participación para devolverlle o Concello ás viguesas e aos vigueses.

Participación veciñal

294. **Desenvolveremos un novo Regulamento de Participación Cidadá**. Impulsando máis vías de participación, que incluírán mecanismos de información, proposta, e ratificación de iniciativas populares, obrigas de consulta, achegamento das decisións aos barrios e parroquias, orzamentos participativos e outras. No proceso de desenvolvemento contaremos co tecido asociativo para incorporarmos as súas propostas e garantirmos un proceso participativo tamén na súa redacción e aprobación.

295. **Acceso á información**. Garantiremos que se contesten sempre as peticións de información, o acceso a rexistros e arquivos, a información dos procedementos municipais e a que se lle dea publicidade ás sesións municipais. Igualmente, garantiremos mediante mecanismos realmente participativos e representativos ese acceso (audiencia pública aos interesados, consulta cidadá, intervención en pleno, comisión de goberno ou xunta local de goberno).

296. Crearemos un **regulamento municipal de subvencións**. As bases reguladoras das subvencións deberán axustarse ao citado regulamento e a el deberán someterse todas as entidades que se acollan a unha axuda económica do Concello. O regulamento garantirá a transparencia das concesións e o control das subvencións, así como a rendición pública de contas por parte das entidades subvencionadas. Crearase unha comisión de control mixta onde teña participación toda a Corporación.

297. **Reconfiguración dos Consellos Sectoriais** avanzando na súa concepción como espazos activos de participación social e de co-decisión efectiva, aumentando as súas funcións.

298. **Estabelecer novos mecanismos de control popular da acción do Goberno municipal e de dación de contas**.

299. Elaboración dun **novo Regulamento Orgánico do Pleno Municipal** que permita

a xusta representación de todas as forzas políticas con presenza na corporación, dándolles voz a todas elas para garantir un maior control das contas municipais e dos servizos públicos por parte de todos os grupos municipais. Tamén contemplará o acceso e a intervención das asociacións e movementos sociais da cidade, para garantir a transparencia e accesibilidade de todo o relacionado coa actividade das institucións.

300. Implementaremos os **orzamentos participativos en Vigo**: os orzamentos da cidade deben ser un proceso aberto que garanta a información e a participación da veciñanza alí onde poidamos decidir entre todos/as non só o carácter do investimento dos recursos que se destinan ás diversas partidas, senón tamén a orixe destes recursos, de xeito que se impulsen a xustiza fiscal dos impostos e das taxas municipais.
301. Promoveremos a realización de **Iniciativas Populares a nivel municipal**, modificando os requisitos esixidos para se celebraren, diminuíndo o número de sinaturas esixidas hoxe para a súa convocatoria.
302. Impulsar a descentralización político-administrativa do Concello, coa creación dos **Consellos Veciñais de Barrio ou Parroquia**, regulando as súas funcións, composición, creación e disolución de acordo coa veciñanza.
303. Aumentar o número de unidades descentralizadas de atención cidadá e o **alargamento dos servizos municipais nos barrios e parroquias**.
304. **Regular, de maneira estrita e con transparencia, os gastos publicitarios** do Concello de Vigo, que deberán ser adxudicados sob criterios de interese público, con obxectividade e garantindo o respecto á pluralidade, e apoiar a creación de medios comunitarios de carácter non empresarial.
305. Aprobaremos **un maior financiamento municipal do tecido asociativo**, atendendo o interese público da súa actividade, facéndoo claro, transparente e obxectivo. Igualmente, o Concello será un axente de difusión activa das súas propostas e actividades.
306. **Creación e aumento de locais asociativos**, facilitando a xestión destes locais de titularidade municipal por parte das propias asociacións ao tempo que se garanta o seu uso público por parte da veciñanza.
307. **Posta en marcha de novos Centros Cívicos Municipais**, a principiar polo Calvario, e remunicipalización da súa xestión coa participación directa de entidades asociativas sen ánimo de lucro.
308. **Garantir a accesibilidade en todos os procedementos administrativos e no relacionamento da cidadanía coa administración local**, simplificando os trámites, asegurando o dereito á atención presencial sen necesidade de cita previa e evitando utilizar a dixitalización como medio para o exercicio de violencia administrativa contra os sectores máis vulnerábeis.

Unha administración local transparente

309. **Creación dunha Oficina Municipal Anticorrupción**, con autonomía funcional, que despregue medidas de prevención, control e intervención fronte a posíbeis casos de corrupción ligados, directa ou indirectamente, á administración municipal.
310. Elaboración dunha **ordenanza sobre transparencia e libre acceso á información**, garantindo que o carácter público desta información sexa a norma, mediante a súa publicación e posta a disposición da cidadanía.
311. **Revisión da figura da Valedoría da Cidadanía**, dotándoa de capacidade efectiva e autonomía, e exercendo funcións de contraloría municipal e salvagarda dos dereitos da veciñanza fronte ao Concello de Vigo.
312. Constitución da **Comisión Especial de Queixas e Suxestións**, con participación directa do tecido asociativo e implementando mecanismos de seguimento e trazabilidade da resolución das mesmas.

Vigo máis igualitario e socialmente xusto

Despregando políticas radicalmente feministas para facer do combate de todas as violencias machistas e formas de desigualdade unha verdadeira prioridade municipal. Reivindicando a cidade como orgullosamente diversa -frente a LGBTfobia e a xenofobia- e inclusiva da diversidade funcional. Mobilizando os inxentes recursos e capacidades do Concello para o converter nun parapeto social fronte ao agravamento da crise, protexendo os sectores socialmente máis vulnerábeis e loitando contra a pobreza e o empobrecemento. Creando oportunidades que poñan fin a expulsión da mocidade á emigración.

_Igualdade real con feminismo nos feitos

“Menos discursos e máis recursos!” ese foi o mandato dos masivos 8M que interpelaba sobre a urxencia de pasar dun feminismo declarativo, a un feminismo efectivo, nos feitos, para combater todas as violencias machistas e avanzarmos cara unha igualdade real entre mulleres e homes. O noso compromiso é o de despregar a perspectiva feminista de maneira transversal facéndoa unha prioridade na axenda política do Concello.

Promoción da igualdade entre mulleres e homes

313. Aumento dos recursos e medios do actual CIM e creación de **dous novos Centros de Información dos dereitos das mulleres** en Coia e no Calvario.
314. **Plan de formación en Igualdade** para o persoal técnico e político do Concello.
315. Elaboración dun novo **Plan Municipal de Igualdade** coa participación das asociacións de mulleres.
316. Dinamizar a **participación do movemento feminista e asociativo de mulleres** no deseño, toma de decisións e seguimento das políticas municipais.
317. Elaboración dun **plan específico de dinamización dirixido a mulleres mozas**.
318. Prestar especial atención ás problemáticas específicas das **mulleres lesbianas, transexuais e bisexuais**.
319. **Romper co ritualismo nas campañas conmemorativas das datas que lembran a loita das mulleres** para ir de verdade ao centro do problema, con propostas e mensaxes arriscadas e novas, que peten na conciencia colectiva, nomeadamente no 8 de marzo e no 25 de novembro.
320. **Xerar estratexias para que as mulleres avancen na ocupación do espazo público**.

Transversalidade das políticas de igualdade

321. Comprometer unha **partida específica para a igualdade nos orzamentos de todas as concellarías** ademais do orzamento específico para a concellaría de igualdade.
322. Creación **dun servizo de coordinación** entre as distintas concellarías, organismos e entes dependentes do concello para velar polo cumprimento das políticas de igualdade.
323. Integrar a **perspectiva de xénero** nos orzamentos e nas actuacións administrativas e normativas do Concello.
324. Realizar **análises previas de impacto de xénero** nas actuacións administrativas e normativas.
325. Incorporar a **perspectiva de xénero no deseño e ordenamento urbanístico**.

Corresponsabilidade nas tarefas de coidado

326. Elaboración dun **Plan municipal de apoio para os coidados**, en colaboración con outras institucións.
327. **Campaña de sensibilización** orientado á promoción dun cambio de mentalidade en canto á asunción das tarefas de coidado, facendo visíbel a relevancia dos mesmos para o mantemento das estruturas sociais.

Emprego e economía

328. Medidas específicas de **promoción de emprego para as mulleres**.
329. Incluír **cláusulas para a igualdade** en contratacións, subvencións e convenios.
330. Garantir a **inclusión da perspectiva de xénero na valoración dos recursos sociais** dirixidos ás mulleres de colectivos desfavorecidos.
331. **Favorecer o emprendemento** feminino e a posta en marcha de iniciativas cooperativas e empresariais de mulleres.
332. **Mellorar o acceso das mulleres de colectivos desfavorecidos** a empregos de calidade.
333. Cuestionar os modelos actuais de produción, reprodución e consumo. **Apoiar o desenvolvemento de iniciativas de intercambio e troco**.
334. **Fomentar a participación das mulleres nas hortas urbanas e cooperativas ecolóxicas**. Impulsar unha rede de pequenas produtoras.

Loita contra a violencia

335. **Incrementar os recursos para a atención de calidade as mulleres que sofren violencia machista**
336. Ofrecer **apoio psicolóxico especializado aos fillos/as** de mulleres que viviron situacións de violencia de xénero.
337. **Mellorar a coordinación entre o Centro de Información dos dereitos da muller, Centro de Emerxencia e pisos tutelados.**
338. **Promover a concienciación e a prevención da violencia de xénero.**
339. Despregar un **plan de acción específico para previr e combater a violencia sexual.**
340. **Revisión e actualización dos protocolos de resposta perante a violencia machista** por parte de todos os servizos e organismos municipais.
341. Realización de accións e **medidas tendentes a eliminar a violencia de xénero de carácter sexista expresada cara a mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais**, en especial en espazos da vida diaria: comunidades de veciños, centros xuvenís, de maiores e de ocio e tempo libre.
342. Formación **dun voluntariado específico para traballar con vítimas de violencia de xénero** en colaboración coas asociacións de mulleres que traballan con vítimas da violencia de xénero.
343. **Mellora do funcionamento e cobertura do Centro de Emerxencia**, atendendo especialmente as mulleres en situación de exclusión ou con problemas de dependencias.
344. **Desenvolvemento de accións formativas e de concienciación no ámbito afectivo, relacional e sexual**, para evitar condutas machistas e heteropatriarcais, especialmente entre a mocidade.
345. **Prohibición da publicidade de prostíbulos en todo o termo municipal e fiscalización das súas licenzas de actividade.**
346. **Campaña activa en contra do consumo de prostitución** e de sensibilización sobre explotación e violencia sexual e a trata de mulleres.
347. **Apoio e asistencia ás mulleres prostituídas.**

_Unha cidade inclusiva e orgullosamente diversa

O Concello ten de ser un axente activo enfrontando os discursos do odio que sosteñen a discriminación contra a diversidade social, combatendo desde abaixo a LGBTfobia, a xenofobia e o racismo, e avanzando tamén cara a unha cidade máis inclusiva e accesíbel, que apoie as familias e a crianza, comprometida coa xustiza social, a solidariedade internacional e os dereitos humanos.

Respecto á diversidade

348. **Plans de formación na prevención, orientación e erradicación das actitudes de acoso (escolar, laboral, etc..) e homofobia**, con especial atención a educadores/as, traballadores/as sociais, policía local e funcionariado.
349. **Incorporar a perspectiva LGBT** nos principais plans e programas municipais, para garantir a transversalidade destas políticas.
350. **Apoiar, fomentar e dinamizar o asociacionismo LGBT** da cidade..
351. **Commemorar, desde o Concello, xornadas relacionadas co colectivo LGBT** como o 31 de marzo (Día da Visibilidade Trans), 26 de abril (Día Internacional da Visibilidade Lésbica) 17 de maio (Día Internacional contra a LGBTfobia), 8 de xuño (Día da Visibilidade Lésbica Galega), o 28 de xuño (Día Internacional do Orgullo LGBT), 23 de setembro (Día da Visibilidade Bisexual), 20 de novembro (Día da Memoria Trans).
352. **Garantir unha política de comunicación local inclusiva coa diversidade.**
353. **Garantir que a información municipal (formularios e rexistros) se adapte á diversidade** familiar e de identidade de xénero.
354. Creación dun **programa de Información e Atención a persoas LGBT**, que desenvolva accións dirixidas de maneira específica a este colectivo e á súa contorna familiar e relacional, e contemple, tamén, actuacións de carácter formativo, informativo, de asesoramento e sensibilización dirixidas tanto a profesionais como ao conxunto da poboación.

Inclusión e accesibilidade

355. Incremento da **prazas para persoas con diversidade funcional**, tanto na oferta pública de emprego como nas contratacións temporais, nos programas de emprego, e na contratación pública e concesións municipais.
356. **Novo Plan de Accesibilidade do Concello de Vigo** que promova a supresión efectiva das barreiras arquitectónicas.
357. **Campañas de sensibilización** sobre a diversidade funcional.
358. **Programa para a vida autónoma** dirixido a persoas con diversidade funcional

física ou psíquica.

359. **Ampliación e mellora de programas existentes** tanto municipais (transporte adaptado, bono-taxi, teleasistencia...) como conveniados con entidades.

360. **Facilitar a inclusión e promoción laboral** das persoas con diversidade funcional.

Crianza, infancia e familia

361. Fomentar medidas para **promover a conciliación entre a vida profesional e familiar**.

362. **Aumentar o número de becas de comedor a as axudas para libros** até cubrir toda a demanda e elevar as súas contías.

363. **Extensión dos comedores escolares** e ampliación dos seus servizos.

364. Creación de **programas específicos municipais de protección da infancia**, contra os malos tratos e abusos, mendicidade etc.

365. Promover proxectos de asistencia social preventivas destinadas a **evitar a pobreza infantil crónica**.

366. Creación de **novas escolas infantís municipais** nas zonas das Teis, Balaídos e O Calvario, e demandar a Xunta de Galiza a apertura doutros tres centros en Navia, Travesas e Bouzas.

367. Implementación de **novas metodoloxías pedagóxicas nas escolas infantís municipais**, coa participación de nais e pais, e flexibilización no seu réxime horario e condicións co obxectivo de adecualas ás necesidades específicas de cada crianza.

368. Programas para **combater o absentismo escolar** (colaboración con educación).

369. **Integración de nenos e nenas con diversidade funcional nas actividades municipais para a infancia**.

370. **Posta en marcha dun Servizo Municipal de Apoio á Crianza**, en colaboración con entidades sociais e outras administracións, que inclúa, entre outros, actividades e servizos de asesoramento gratuíto en lactancia, alimentación, porteo, saúde infantil e desenvolvemento psicosocial.

371. **Creación dun Programa municipal de actividades para a infancia**, estábel e descentralizado, desde os 0 anos, potenciando as actividades saudábeis ao aire libre, o xogo tradicional e cooperativo e a promoción do galego e da non discriminación.

372. **Novas ludotecas e zonas de xogo cubertas nos parques infantís**.

373. **Medidas de apoio específicas ás familias monoparentais**, equiparando os

beneficios sociais aos das familias numerosas.

Poboación migrante

- 374. Revisión e actualización do **Plan de migracións e Convivencia Intercultural** do Concello de Vigo.
- 375. **Programas de inserción socio-laboral** para poboación migrante.
- 376. **Campañas de sensibilización e loita contra o racismo e a xenofobia**
- 377. **Programas específicos para mulleres inmigrantes.**
- 378. **Recuperación da oficina de información a inmigrantes e emigrantes retornados**, dotándoa de servizo gratuíto de intérprete e despregando programas de voluntariado para o acompañamento e axuda a persoas migrantes.
- 379. Impulso de **programas de colaboración con colectivos e entidades** de inmigrantes.
- 380. Posta en marcha do **Observatorio das Migracións.**
- 381. Creación do **Museo da Emigración** na cidade.

Cooperación e solidariedade internacional

- 382. **Reactivación do Consello Local de Cooperación e Solidariedade Internacional**, dotándoo de maior participación dos colectivos sociais como espazo de codecisión.
- 383. Elaboración, participativa, **dunha Estratexia Local de Cooperación e Solidariedade Internacional** de carácter plurianual.
- 384. **Aumento na asignación orzamentaria municipal para programas de cooperación ao desenvolvemento** até atinxir ao remate do mandato o 0,7% do total, e distribuíndo estes recursos a través de convocatorias públicas e transparentes de libre concorrencia.
- 385. **Intensificar a colaboración coas entidades do ámbito da cooperación.**
- 386. **Reforzo do traballo de sensibilización**, reiniciando e redimensionando o proxecto 'Impórtanos' e poñendo en marcha novas iniciativas e programas.
- 387. **Reincorporación do Concello de Vigo no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade Internacional.**
- 388. Declarar Vigo como **cidade a prol da paz e da xustiza social** e contraria ás inxerencias imperialistas.
- 389. Promover un compromiso práctico do Concello de Vigo na defensa dos dereitos humanos tamén no ámbito da acción exterior.

_Parapeto social fronte á crise

Fronte ao agravamento da crise que se traduce nunha situación de emerxencia social cómpre mobilizar todos os medios, recursos e capacidades dos que dispón o Concello para protexer a maioría social que representan as clases populares e traballadoras, enfrontando o aumento do empobrecemento na cidade onde xa hai máis de 60 mil persoas en risco de exclusión social e pobreza.

Fiscalidade socialmente xusta

- 390. **Aplicación de bonificación e exencións en taxas municipais para as rendas máis baixas.**
- 391. Mellorar as facilidades para o pago fraccionado de tributos, sen recargo por xuros, impulsando un **plan de pago personalizado dos impostos municipais.**
- 392. **Aumentar o IAE para aquelas empresas que facturan máis dun millón de euros** ao ano, para un mellor financiamento dos programas sociais.
- 393. **Actualización do IBI urbano até a súa nivelación co resto, para os denominados Bens de Características Especiais** (concesións portuarias, aeroporto, autopistas, encoros, etc).
- 394. **Cobro do IBI a aqueles edificios pertencentes á igrexa católica** que non estean exentos, segundo a lei de facendas locais e o acordo entre a Santa Sede e o goberno español sobre asuntos económicos.
- 395. **Redución das taxas aos pequenos e medianos comercios.**
- 396. **Bonificación do 95% do IBI á Universidade de Vigo e a entidades sen ánimo de lucro.**
- 397. Aumento das **taxas por licenzas de actividades e instalacións** das superficies comerciais de máis de 500 m².

Política social

- 398. **Acabar co colapso dos servizos sociais do Concello de Vigo**, aumentando o orzamento e dotándoos do persoal necesario mediante equipas multidisciplinares.
- 399. **Pular pola participación no deseño das políticas sociais**, tanto no diagnóstico, como no deseño, execución e avaliación dos programas de intervención.
- 400. **Reverter o proceso de privatización dos servizos sociais municipais** apostando pola xestión pública directa dos programas, para evitar que a política social sexa tratada como negocio ou fonte de lucro.
- 401. Demandar da Xunta un **Plan de emerxencia social para Galiza** co obxectivo de paliar a grave situación de pobreza existente. Este Plan contemplará medidas efectivas de natureza económica como o cumprimento dos prazos para o cobro da

RISGA ou programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia será desafiuzada da súa vivenda. Será deseñado de forma transversal por todos os departamentos do Goberno galego en diálogo cos e coas profesionais dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.

402. Demandar da Xunta a ampliación do **Plan Galego de Inclusión Social**, prestado con equipas públicas e en coordinación cos servizos de atención municipais.
403. Reorientar os investimentos municipais para que teñan unha **función social e non suntuaria ou propagandística**.
404. **Mellorar a coordinación** política e técnica entre as administracións e organizacións especializadas de cara a reducir drasticamente a burocracia.
405. Despregar **medidas de apoio a persoas en risco de ser desafiuzadas**, para evitar procesos de lanzamento e desafiuzamento, facendo todo o posible para mellorar a asistencia as persoas e familias mediante axudas ao aluguer coa creación dun Plan municipal de axuda ao aluqueiro ou para o mantemento de servizos básicos como auga e electricidade, así como garantir o asesoramento municipal continuado ás persoas afectadas.
406. Promoción de **vivendas de emerxencia** para persoas en risco de exclusión social: apostarase pola creación ou reserva de vivenda social para emerxencias sociais, con especial atención ás persoas económica e socialmente vulnerábeis.
407. **Incremento das axudas sociais** para garantir desde o concello o acceso da cidadanía mais desfavorecida ou afectada por problemáticas de exclusión, o acceso aos servizos en condicións de igualdade e dignidade: acceso á vivenda, ao transporte, ao abastecemento e saneamento, o combate contra a pobreza enerxética, á educación e á cultura etc , mediante políticas fiscais municipais solidarias (de taxas, impostos e prezos públicos) e incremento de axudas económicas de emerxencia social singularizadas (cheque social) ate cubrir o 100% da demanda.
408. Redefinición das axudas sociais municipais con rumbo á posta en marcha dunha **Renda Social Municipal** de carácter complementario con outros ingresos (RISGA, IMV...) até cubrir o 100% do Salario Mínimo de Interprofesional..
409. Aposta decidida no impulso **de programas contra a exclusión social**. Dotación de local en condicións para a recuperación e desenvolvemento do programa SEREOS.
410. Mantemento do **Plan Municipal de Drogodependencias** a través de estratexias integrais e integradoras de actuacións preventivas, asistencia socio-sanitaria e de inserción-reinserción co obxectivo de combater a marxinação e a exclusión social.
411. Plans especiais de revitalización-rexeneración de espazos xeográficos con

problemas sociais que se concretarían na Creación de **Programas de Intervención Comunitaria** en barrios de especial problemática social, en colaboración co movemento asociativo do barrio, ONG-sociais, colexios profesionais, etc.

412. Axudas municipais para **cobertura do gasto farmacéutico** en enfermos crónicos en risco de exclusión social ou determinados tratamentos de especial apoio.
413. **Atención ás situacións de pobreza extrema** en canto ás necesidades básicas de comida e abrigo: creación dun comedor social municipal, distribución de axuda alimentaria (bancos de alimentos municipais) e ampliación e melloras no Centro de Emerxencia Social. Estas melloras incluírían o aumento no número de prazas e do tempo de estancia, dotalo de habitacións individuais e acollemento de animais de compañía, así como un plan de integración no barrio.

Integración no Traballo

414. Favorecer, dende o Concello, a **inserción profesional de novos grupos en risco** de exclusión (desempregados de longa duración, persoas con discapacidade...).
415. **Programas municipais de formación** para desempregados/as con dificultades particulares ou en risco de exclusión.
416. **Medidas municipais de formación en empregabilidade e habilidades sociais para persoas en proceso de inclusión social que fomenten as posibilidades de acceso ao emprego**

Maiores e dependencia

417. **Mellora dos servizos existentes**, co obxectivo de aumentar o número de persoas beneficiarias e alargar as súas coberturas e carteira de servizos: SAF, Servizo de Teleasistencia, Xantar na Casa, e posta en marcha do proceso de progresiva remunicipalización da súa xestión.
418. **Ampliación dos programas destinados a maiores** (avellentamento activo por exemplo).
419. **Mellorar as instalacións locais para o lecer e convivencia** das persoas maiores (centros sociais ou semellantes).
420. **Creación, en colaboración con outras administracións, de novos centros de día, residencias públicas e pisos tutelados/compartidos.**
421. **Promover a participación das persoas maiores** como promotoras das súas actividades.
422. **Plan de acción e concienciación para garantir a detección e coidados en situacións de abuso de persoas maiores, coordinada entre diferentes actores**

e institucións.

_Oportunidades para a mocidade

A xente moza de Vigo precisa de moito máis que uns poucos grandes concertos no verán. Urxe poñer en marcha políticas municipais en materia de emprego ou de vivenda que lles brinden a posibilidade material de poder emprender un proxecto de vida propio, deixando de teren que escoller entre desemprego, precariedade ou emigración. Hai que poñer fin ao desmantelamento das políticas xuvenís do Concello aplicado nos últimos anos.

Dereito á vivenda e ao aloxamento

- 423. Elaborar unha **diagnose sobre as dificultades de acceso a vivenda da xente nova** no Concello de Vigo, que teña en conta a situación laboral da mocidade, o prezo dos alugueres e o parque inmobiliario dispoñíbel.
- 424. **Dispoñibilizar vivendas baleira con alugueres a baixo prezo para a mocidade.** Non persecución dos espazos baleiros ocupados e autoxestionados pola mocidade.
- 425. Creación do **Servizo de Vivenda** na Casa da Xuventude.
- 426. Creación dun **albergue xuvenil público.**
- 427. **Reservar até o 30% da vivenda de protección para as persoas menores de 35 anos.**

Emprego

- 428. **Plan de choque contra o desemprego xuvenil** centrado en que a mocidade atope emprego en condicións laborais dignas.
- 429. Favorecer a contratación xuvenil no Vigo Emprega, nas concesionarias municipais e na contratación pública do Concello.
- 430. Crear un **servizo de información, orientación e asesoramento laboral** para a xuventude.
- 431. Creación dunha **rede municipal de empregabilidade para a mocidade** que, coordinado co Servizo Público de Emprego, xestione as ofertas de emprego.
- 432. **Apoiar proxectos emprendedores da mocidade** a través do acompañamento do desenvolvemento dende o inicio. Crear espazos municipais gratuítos de cooperación para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxías.
- 433. **Programa de microcréditos municipais para o emprendemento e o autoemprego xuvenil.**

Servizos

434. Crear un **Observatorio municipal da mocidade** na nosa cidade que forneza de coñecementos obxectivos sobre a realidade xuvenil.
435. Abrir **salas de estudo** en infraestruturas municipais cun horario ampliado en época de exames.
436. **Rebaixa do bono-bus estudiantil** para estudantes de secundaria, formación profesional e universidade, até equiparalo co bono universitario. Gratuidade para menores de 14 anos.
437. **Mellora da rede de transporte público** na conexión das parroquias coa Universidade
438. **Mellorar o servizo do bus nocturno**, aumentando a súa frecuencia e zonas de paso.
439. Creación de **liñas nocturnas (Moucho bus) a nivel metropolitano**, para favorecer a mobilidade da mocidade con outras zonas de ocio nocturno (Baiona, Cangas, Moaña, Pontevedra...)
440. Creación de **espazos específicos para a información e asesoramento afectivo-sexual da mocidade**, prestando especial atención as novas canles de comunicación da mocidade.
441. Realización de campañas e obradoiros de información sobre emprego de **métodos anticonceptivos e de protección contra enfermidades de transmisión sexual**.
442. Tamén se pulará pola realización de **obradoiros afectivo-sexuais co fin de promover unha sexualidade libre, segura e gozosa** que combata a discriminación e a criminalización da mocidade Lesbiana, Gay, Bisexual e Transexual (LGBT).
443. Realización de actividades formativas para **mediadores/as xuvenís (informadores/as, animadores/as, voluntarios/as, etc.) en materia de atención a persoas LGBT** que permita unha atención especializada a cada realidade.

Cultura urbana

444. Estender os **programas de dinamización e lecer alternativo** ao maior número posíbel de mozas e mozos en barrios e parroquias. Recuperación do programa "Súbete ao Castro", do Punto Xove, e dinamización da Casa da Xuventude e do espazo Vigosónico.
445. **Apoyo á creación musical da mocidade**, recuperando unha programación de concertos semellante aos desaparecidos "Castroconcertos", poñendo en marcha un certame municipal de bandas mozas e organizando un grande festival de música de grupos e artistas novas en Castrelos.

446. **Prevención da violencia de xénero e a LGBTfobia en actividades xuvenís e asociacións de ocio e tempo libre.**
447. **Acceso de balde a actividades e infraestruturas culturais, científicas ou deportivas organizadas ou xestionadas directamente polo Concello.** Amais, crear un tarifa xuvenil para asistir aos museos, teatros, festivais e demais actos culturais que teñan promoción municipal.
448. Promover e **apoiar as manifestacións culturais e artísticas tradicionais da cultura galega** nas que estean implicadas mozas e mozos.
449. Potenciar as **salas de ensaio** e dar visibilidade a actividade que nelas se desenvolven, levando proxectos a distintos puntos da cidade.
450. Habilitar **espazos para a creación artística xuvenil.**
451. **Creación de novas áreas recreativas para patíns, monopatíns, bicicletas acrobáticas e outras.**
452. **Potenciar os servizos de extensión cultural asociados ás bibliotecas,** e favorecendo as actividades de dinamización culturais infantís, xuvenís e videofórum.
453. Habilitar **novos paneis de libre expresión, en áreas de influencia para a mocidade.**
454. Elaboración dun **censo de creadoras/es xuvenís,** artistas e grupos musicais da cidade, co que contar para, entre outros, promover tamén a súa contratación municipal para eventos do Concello.

Asociacionismo

455. **Promover e apoiar o asociacionismo xuvenil** en todas as súas formas, atendendo tamén a nova realidade dos colectivos informais.
456. Creación dun **foro de debate xuvenil** permanente sobre diversos temas sectoriais que lles afecten e sobre cuxas conclusións deberá traballar o Goberno municipal.
457. Apoiar un **marco autoxestionado no ámbito local para a mocidade:** locais, recursos compartidos, apoio loxístico, material e económico.
458. Posta en marcha dunha **rede "Espazos da mocidade" nos barrios e parroquias.** Cunha proposta de actividades deseñada e executada coa participación directa da xente moza, con actividades diversas, plurais e dende un punto de vista emancipador, centrado na nosa realidade e non consumista.

Saúde

459. **Potenciaremos plans de prevención e información sobre drogas para incidir na mocidade sobre os riscos que derivan do consumo.** Pularase polo

establecemento de puntos de información e axuda en espazos de ocio nocturno, en cooperación con asociacións e ONGs.

460. **Obradoiros de saúde entre a mocidade sobre trastornos alimenticios** como a bulimia e a anorexia inducidos polos estereotipos comerciais.

461. **Accións específicas de sensibilización e apoio en materia de saúde mental para a mocidade.**

Feminismo e multiculturalidade

462. Desenvolver iniciativas e obradoiros, nomeadamente nos institutos, de **prevención do machismo, de detección de comportamentos e actitudes sexistas e de superación e deconstrución das diferenzas de xénero.**

463. Levar a cabo accións educativas e integradoras que eviten a discriminación cultural e faciliten a **convivencia e a multiculturalidade.**

Vigo pulmón industrial e produtivo de Galiza

Promovendo a reactivación económica e produtiva, pulando pola creación de emprego digno e con dereitos. Blindando o futuro de actividades estratéxicas como a automoción ou a construción e reparación naval, así como a pesca e a actividade portuaria sustentábel. Desenvolvendo as enormes potencialidades que temos como cidade universitaria para convertermos na capital galega da innovación, da tecnoloxía e das comunicacións. Potenciando o pequeno e mediano comercio, que vertebra a cidade e dinamiza os nosos barrios, fronte ao modelo fracasado de grandes áreas comerciais. Reorientando o proceso de turisficación masiva optando por un turismo sustentábel e que xere valor engadido.

Reactivación produtiva e económica

O futuro de Vigo non pasa nin polo monocultivo de luces led, nin polo monocultivo do Xacobeo. Hai que blindar o futuro industrial da cidade pero tamén apostar na diversificación, desenvolvendo as enormes potencialidades que temos no ámbito da innovación e das TIC.

464. Demandaremos da Xunta e do Goberno español a posta en marcha un **Plan urxente de reactivación produtiva e reindustrialización sustentábel**, que inclúa a intervención pública directa, prestándolle especial atención a sectores estratéxicos como o naval, a automoción, as actividades pesqueiras e a construción.
465. En colaboración coa Universidade e outras administracións, crearase un **Centro metropolitano para o impulso das tecnoloxías e o I+D+i**, dende o que apoiar a consolidación de tecido empresarial no sector tecnolóxico, as comunicacións e a I+D+i e promocionar a área metropolitana como un espazo para o desenvolvemento destas actividades.
466. Impulso de programas específicos de apoio a actividades encadradas dentro da **economía social** (terceiro sector) e da **economía verde**, co obxectivo de apostarmos por un desenvolvemento económico social e ambientalmente sustentábel.
467. Creación dun **programa piloto de promoción das actividades agrogandeiras** en réxime cooperativo –tanto no cinto periurbano, como en enclaves non urbanizados do casco urbano– e apoio aos aproveitamentos forestais do noso monte. Este programa sentará ás bases, entre outros, para a creación dunha **rede municipal**

de hortas urbanas destinadas preferentemente a persoas sen recursos ou con rendas baixas.

468. **Creación da Mesa Sectorial do Mar**, con presenza da Autoridade Portuaria, do tecido empresarial, das organizacións sectoriais, dos sindicatos e dos colectivos de defensa ambiental para desenvolver medidas coordinadas que pulen polo maior aproveitamento das potencialidades produtivas da ría (construción naval, pesca, marisqueo, transporte de mercadorías e turístico) e do porto de Vigo, como medio para a súa posta en valor dende o máximo respecto ambiental e ordenando os usos para a súa mellor preservación.

_Dereito a un traballo digno

Nun momento no que, arestora, na cidade hai 4.200 postos de traballo menos dos existentes antes do inicio da pandemia da Covid, e máis de 18 mil viguesas e vigueses no desemprego, hai que redobrar esforzos tamén desde o municipal co obxectivo de crear emprego digno, estábel e con dereitos.

Promoción do emprego

469. Posta en marcha dun **programa de fomento do cooperativismo laboral e de apoio a iniciativas de autoemprego**, que inclúa a creación dunha oficina de asesoramento para o seu desenvolvemento e un programa estábel de axudas municipais.

470. Creación dunha **sementeira de empresas** en colaboración coa Universidade de Vigo e a Zona Franca, centrada de maneira singular nas actividades tecnolóxicas e no I+D+i.

471. Creación dunha **lanzadeira municipal de proxectos empresariais e de autoemprego** promovidos por mulleres, mocidade e/ou persoas con diversidade funcional, cun espazo municipal de traballo en cooperación (*coworking*) e o fomento dunha liña local de microcréditos.

472. **Plan de choque contra o desemprego xuvenil e feminino** que inclúa programas de emprego específicos; bolsas municipais para tituladas/os para a posta en marcha de proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local; axudas económicas para o retorno da mocidade emigrada; creación dunha Rede municipal de emprego xuvenil que xestione –en colaboración co Servizo Galego de Colocación– unha bolsa de ofertas de traballo.

473. **Redefinición do Plan Municipal de Emprego**, multiplicando por 4 como mínimo o seu orzamento, para destinar 20 millóns de euros nos vindeiros 4 anos, redimensionando o programa *Vigo Emprega* alargando a duración dos seus contratos e o número de beneficiarias, e establecendo un programa específico de axudas municipais para a posta en marcha de proxectos de utilidade social, xestionado por entidades sen ánimo de lucro a partir dunha bolsa de demandantes

de emprego conformada preferentemente por persoas desempregadas de longa duración, mulleres, mocidade e persoas con diversidade funcional.

474. **Revisión dos servizos de información e orientación laboral** que actualmente se ofertan dende varios departamentos da administración municipal cara a súa integración coordinada nun único servizo xeral. Neste criterio integrarase, mediante acordos, aquelas actuacións conveniadas coa administración autonómica.
475. **Promover a sinatura de novos convenios de colaboración** coa Universidade de Vigo, Zona Franca e Goberno galego, amais doutras administracións públicas, para o desenvolvemento de iniciativas que pulen pola empregabilidade e a creación de postos de traballo.

Dereitos laborais

476. Inclusión de **cláusulas sociais** en toda a contratación municipal e nos pregos de condicións de concesións, destinadas a protexer e garantir os dereitos dos e das traballadoras e a promover un emprego estábel e en condicións dignas. Entre elas incluírase a prohibición de subcontratación a través de empresas de traballo temporal, mecanismos de limitación das horas extraordinarias e de subrogación do persoal. O incumprimento grave das mesmas deberá permitir ao Concello a rescisión do contrato ou o rescate da concesión. As empresas que teñan conculcado gravemente o dereito dos e das traballadoras quedarán excluídas dos procesos de contratación municipal.
477. **Creación do Observatorio Local das Condicións Laborais e de promoción da igualdade**, con participación das organizacións sindicais, sociais e empresariais da cidade e da Universidade. O Observatorio despregará programas propios de inspección e supervisión das condicións laborais e de non discriminación, en colaboración cos sindicatos, organizacións sociais e as consellerías competentes na materia, sobre calquera actividade que conte con financiamento municipal ou que sexa obxecto de contratación pública do Concello, incluídas as concesionarias de servizos municipais. Será o organismo encargado de fiscalizar o cumprimento das cláusulas sociais antes referidas. Promoverá tamén a reactivación da negociación colectiva, a igualdade e a conciliación entre o traballo produtivo e reprodutivo e a sindicalización dos e das traballadoras; desenvolverá campañas informativas en materia de dereitos laborais e sindicais e de sensibilización no ámbito laboral para combater o *mobbing* ao colectivo LGBT e porá en marcha programas de formación en aspectos relacionados con estes temas.
478. **Condicionar calquera axuda pública municipal**, directa ou indirecta, da que poidan ser beneficiarias as empresas da cidade ou entidades sociais ao respecto dos dereitos sociais, económicos e laborais das traballadoras e traballadores, a non discriminación e ao mantemento do emprego, facendo preceptivo o informe favorábel do Observatorio Local das Condicións Laborais e da igualdade para a súa concesión. Prohibición da subcontratación a través de Empresas de Traballo Temporal e implementación de mecanismos que limiten as horas extraordinarias.

479. **Asegurarase a aplicación do convenio colectivo correspondente en toda a contratación directa ou indirecta financiada polo Concello de Vigo**, a principiar polo persoal do *Vigo Emprega*.

Emprego público

480. **Execución das Ofertas de Emprego Público pendentes desde 2017**, garantindo a asignación de todas as prazas xa convocadas.

481. **Acrecentarase a oferta de emprego público**, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos e promover a renovación do cadro de persoal municipal e a súa formación.

482. **Exercer a insumisión, forzando os límites legais, diante de calquera recorte imposto por outras administración contra os dereitos e as condicións laborais do persoal público.**

483. **Reclamaremos a supresión da limitación á creación de emprego público** destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais, establecida nas leis orzamentarias do Estado e da Galiza.

_Apoio ao comercio de proximidade

Fronte ao modelo fracasado das grandes áreas comerciais é vital brindar un maior apoio ao comercio local de proximidade, ao pequeno e mediano comercio que vertebra a cidade, que dinamiza os nosos barrios e parroquias e que xera un importante retorno, económico e de emprego, a nivel local.

484. **Declaración da cidade como zona saturada de grandes áreas comerciais e moratoria por dez anos na concesión de novas licenzas** para este tipo de superficies.

485. **Fiscalidade progresiva** na busca dun mellor axuste á realidade comercial nas taxas e impostos municipais do pequeno e mediano comercio local e aumentando a achega que realizan as grandes áreas.

486. **Revitalización dos centros comerciais abertos** existentes na cidade.

487. **Promoción e modernización dos mercados municipais.**

488. **Campañas de promoción do consumo no comercio local** durante todo o ano.

489. **Potenciación da Mesa Local do Comercio**, como axente dinamizador do sector dende o que impulsar políticas públicas de apoio á actividade comercial coa participación directa das asociacións de comerciantes.

490. **Promoción do uso do galego** na atención comercial, na sinalética e nos servizos e produtos ofertados.

491. Recuperación da plataforma **De tendas por Vigo**, estendéndoa ao conxunto da cidade e facendo universal a súa tarxeta de fidelización.
492. Creación dunha **plataforma de venda en liña** para o comercio local de Vigo.
493. Posta en marcha dun **programa de formación e modernización** para o pequeno comercio.
494. **Promover o consumo de produtos locais e de proximidade** e a súa adquisición preferente polos servizos municipais (comedores escolares, etc.)
495. **Dotar de eficacia a regulación dos aproveitamentos de espazos públicos** que concilie o seu uso comercial (terrazas) e a mobilidade.
496. **Reforzo da Oficina Municipal de Información ao Consumidor**, ampliando os seus servizos e a súa actuación na divulgación dos dereitos das persoas consumidoras.
497. **Promoción da artesanía galega**, facilitando a súa presenza en festas e eventos públicos e apoiando iniciativas como O Feito a Man.

_Outro modelo turístico

Vigo ten, pola súa localización xeográfica privilexiada, pola súas paisaxes e medio natural, polo seu tecido socioeconómico, e por contar con importantes dotacións e infraestruturas, cun grande potencial turístico que debe ser orientado cara un modelo que aposte na sustentabilidade e na procura do maior retorno, sen comprometer a habitabilidade da cidade.

498. **Impulsar un modelo de turismo sustentábel e non masificado**, que xere retornos e achegue valor engadido, desenvolvendo as enormes potencialidades da cidade no ámbito do turismo MICE, cultural, ecolóxico e deportivo.
499. **Revitalización do Vigo Convention Bureau** para captación de congresos, feiras e eventos para se realizaren na nosa cidade. Dotarase dunha unidade técnica para coordinar as súas actuacións coas programacións do Pazo de Congresos e do IFEVI, e para promover a posta en marcha de novos eventos a partir da iniciativa municipal.
500. **Creación da Mesa Local de Turismo e do Observatorio Turístico de Vigo.**
501. **Constitución dun Consorcio Turismo de Vigo**, con participación privada e tamén doutras administracións (Xunta, Autoridade Portuaria), para a coordinación de todas as accións promocionais e de presenza internacional da cidade.
502. **Elaborarase a “Carta Turística da Cidade”.**
503. Implementación dun **bono turístico para o uso do transporte urbano** colectivo e mellora da conexión coas estacións de tren, de autobús, do porto e do aeroporto.

504. **Programación anual dun calendario de feiras temáticas** en diferentes enclaves da cidade, enraizadas na historia da cidade, na posta en valor do noso patrimonio histórico ou ambiental, na identidade galega ou na promoción de novas manifestacións culturais.
505. Promoción da cidade como **destino turístico de fin de semana**, ligado á oferta cultural e á posta en valor dos montes e parques forestais e do mar.
506. **Mellora da sinalización dos diferentes roteiros** (sendeirismo, Camiño Portugués, etc.) que atravesan a cidade.
507. Creación en colaboración con outras cidades galegas e portuguesas dun **Circuíto Cultural Galego-Portugués**, que aproveitando as sinerxías de facermos parte da lusofonía, serva como atractivo e dinamizador, incluíndo actividades de proxección internacional.
508. Promover convenios de colaboración para **facer de Vigo a sede permanente de eventos de grande relevancia**, como *O Marisquiño*, condicionados ao uso do galego como lingua vehicular ou preferente.
509. Potenciar a **proxección turística da cidade no ámbito da Lusofonía**.

Vigo vangarda da creación cultural

Pasando das actuais políticas que afondaron na desertización cultural a outras que estimulen a creación en todas as disciplinas, desde a cultura de base até os segmentos profesionalizados. Facilitando o acceso á cultura das clases populares e traballadoras, descentralizando a programación de actividades, revitalizando a rede museística e promocionando a lectura. Garantindo o dereito de todas as viguesas e vigueses a viviren plenamente en galego e promovendo a efectiva normalización da nosa lingua na cidade. Poñendo en valor o acervo da nosa tradición na música ou na danza como verdadeiro vector de modernidade e conservando, divulgando e valorizando o patrimonio cultural. Alentando o talento artístico e a forza creativa da mocidade.

A cultura como necesidade e dereito

A cultura é unha necesidade social e un dereito público. Sen cultura non pode haber cidadanía, e sen cidadanía non temos cidade. A mellor maneira de humanizarmos, de verdade, Vigo é facilitando o acceso social do conxunto da veciñanza a todas as manifestacións culturais.

Planificación

510. **Aumento das partidas orzamentarias destinadas a políticas culturais**, recuperando os máis de vinte programas desaparecidos nos últimos anos e dotando de máis medios os existentes.
511. **Proxección e comunicación pública**. Remodelación, de acordo co Plan Estratéxico da Cultura, dos sitios web relacionados coa área da Cultura (Vigocultura.org, webs de equipamentos, webs de eventos), para dar a coñecer a oferta cultural de Vigo, incluíndo a desenvolvida polo tecido asociativo e a industria cultural.
512. **Creación do Consello Municipal de Cultura**, como órgano de participación cidadá, no que estean os axentes culturais públicos e privados da cidade, con representación de todos os sectores, co fin de realizar o Plan Estratéxico Cultural de Vigo, avaliar o seu cumprimento, achegar as súas propostas ao goberno municipal e avaliar a súa actuación.
513. **Elaboración dun Plano Estratéxico Cultural de Vigo** polos principais axentes culturais, públicos, privados, asociativos e individuais da cidade, con cinco grandes puntos básicos:

- a. A cultura como necesidade social e dereito, pulando por facilitar o acceso social á cultura achegando todas as disciplinas e manifestacións artísticas e culturais á maioría social con programación culturais estábeis, diversificadas e descentralizadas.
 - b. Cambio de paradigma pasando da “cidade consumidora” á “cidade creadora”, apoiando e potenciando a forza creativa e o talento da cidade.
 - c. Valorización e promoción do acervo cultural galego e da nosa lingua.
 - d. Visibilizar a achega das mulleres na cultura e promover a diversidade
 - e. Colaboración e cooperación con outros concellos de Galiza e Portugal e proxección no ámbito da Lusofonía.
514. **Avaliación pública do impacto cultural.** Elaboración dun documento, nun proceso de consulta coa cidadanía e os axentes culturais, que analice as contribucións (tanto positivas como negativas) do proxecto de desenvolvemento local na vida cultural da cidade.
515. **Elaboración dunha carta local de dereitos culturais** que defina especificamente os dereitos e as responsabilidades culturais dos habitantes de Vigo.
516. **Realización dunha auditoría do Auditorio-Pazo de congresos Mar de Vigo** de cara a súa potenciación.
517. **Promover contidos culturais libres de estereotipos sexistas.**
518. **Garantir a presenza de mulleres artistas na oferta cultural da cidade:** teatro, danza, música... e promover a presenza equilibrada de mulleres e homes en xurados.
519. **Xerar espazos de reflexión sobre o que o arte aporta ao feminismo e o feminismo ao arte.**
520. Integrar a **perspectiva de xénero na concesión de premios e na adquisición de bens culturais.**
521. **Máximo apoio á Escola Municipal de Artes e Oficios, á E-Trad, e ás escolas municipais** de danza, música e teatro, aumentando os seus orzamentos para garantir o correcto mantemento das súas instalacións e a dotación de persoal para alargar a súa oferta formativa.
522. Incrementar o apoio e **colaboración municipal con todas as escolas musicais vinculadas a bandas de música**, que prestan un servizo esencial e descentralizado nas parroquias.
523. Creación dun **Observatorio da Cultura en Vigo** que permita coñecer, analizar e difundir a oferta cultural viguesa, prestando especial atención á participación das mulleres nas actividades culturais e aos novos e novas creadoras.

524. Impulsar unha **Mostra Atlántica de Danza e Circo** con sede en Vigo, procurando parcerías e colaboración do Concello de Vigo coas cámaras municipais de Guimarães e Porto, cidades que xa desenvolven iniciativas de grande alcance como Guidance -Festival Internacional de Dança Contemporânea, ou os Dias da Dança.

Programacións estábeis

525. **Recuperación e dinamización dunha programación estábel.** É preciso recuperar os programas culturais desaparecidos e pór en marcha outros novos, que se debe caracterizar por seren estábeis e continuados no tempo.

526. **Reforzo e dinamización do Auditorio Municipal.** Cómpre reforzar e dinamizar a súa programación, ampliándoa durante toda a semana e incrementando as sesións escolares, establecéndoo como centro de referencia das artes escénicas. Establecemento de compañías de teatro, orquestras e coros residentes.

527. **Colaborar cos centros de ensino públicos para a mellor orientación da oferta cultural** atendendo as necesidades educativas dos distintos niveis, elaboración de unidades didácticas e promovendo a participación dos centros na difusión da programación cultural municipal.

528. Establecemento dunha **rede cultural nos barrios e as parroquias.** A importante dotación de centros veciñais ou culturais nas parroquias e barrios de Vigo debe ser a base para levar adiante propostas culturais participativas.

529. **Recuperación e potenciación dos programas musicais** (Concurso de gaiteiros solistas, Concurso de Piano da Ría de Vigo, Concertos no Pazo) e creación doutros segundo o Plan Estratéxico da Cultura, prestando especial atención a formacións, solistas e compositores e compositoras viguesas e galegas.

530. **Recuperación e dinamización de programas teatrais** (Vigo a Escena, Semana do teatro afeccionado).

531. **Organización dunha rede de iniciativas e actividades culturais.** Tendo en conta a existencia dun amplo tecido cultural, cómpre favorecer a creación de sinerxías das diferentes actividades que se realizan.

532. **Festival de música tradicional**, en colaboración coa E-Trad, no verán (Castrelos) no que teñamos a oportunidade de gozar dos grupos galegos máis relevantes pero tamén estranxeiros, ademais de amosar o traballo dos grupos de música tradicional de Vigo e a súa contorna.

533. **Festival de danzas do mundo** con concertos e aulas de danzas en varios espazos da cidade

534. **Programación permanente de música e danza clásicas** en colaboración cos conservatorios de Vigo, incluíndo óperas e ballets variados

535. **Organizar un Festival de Música Galega.**

536. **Creación dun Circuíto Local de Actuacións para grupos e bandas da cidade.**

537. **Promover intervencións e actuacións culturais nos espazos naturais,** garantindo a conservación do noso patrimonio etnográfico e histórico.

Rede museística da cidade

538. **Desenvolvemento do Plan de Musealización.** Cómpre estruturar e coordinar os museos da cidade: Castrelos, Pinacoteca Municipal Fernández del Riego, Casa das Artes, Verbum, etc...

539. **Aumento dos horarios, programas expositivos e actividades de dinamización que fagan posible a recuperación visitantes** perdidos nos últimos anos.

540. **Abordar a reformulación do proxecto museístico do Verbum.**

541. Creación do **Centro Galego de Fotografía e o Cine,** para apoiar a realización e difusión da fotografía contemporánea e acoller os arquivos históricos existentes (Arquivos Pacheco, Llanos, Vigovisións e Ksado).

542. **MARCO:** Aumentar o seu financiamento para alargar a súa oferta expositiva.

543. Impulso para dotar a cidade dun **Museo da Emigración.**

Rede de bibliotecas municipais de proximidade

544. Creación dunha **rede de bibliotecas de barrio e de parroquias.**

545. **Plan Municipal de Animación á Lectura.** Establecemento dun plan de animación á lectura, de ámbito municipal, con dotación bibliotecaria definida.

546. Apoio municipal á **dinamización dos espazos e salas de lectura existentes nos centros veciñais e culturais da cidade,** incorporándoos na rede municipal de bibliotecas.

Festas

547. **Recuperación do programa Vigo Aberto,** cunha programación de dous meses que inclúa o Festiclown, os Concertos en Castrelos, O Marisquiño, o Festival AlternaVigo, Festival Internacional da Rede Europea de Orquestras de Folk, os concertos no Peirao de Trasatlánticos de empresas privadas, o Vigotransforma, Castrocativos, o Mercado Mariñeiro e toda a programación da Semana Grande.

548. **Afondar na recuperación das nosas tradicións** (Reis, Entroido, A Reconquista, Maíos, Fogueiras de S. Xoán, Magostos, Samaín, etc..).

549. **Incorporar nos concertos a grupos locais e de música en galego.**

550. **Promover en toda a cidade un modelo de festas populares e participativas,**

sustentábeis en termos ambientais, e enraizadas no acervo cultural galego.

551. **Abandonar o modelo de nadal masivo que reduce o centro da cidade a un parque temático inhabitábel e inseguro**, e promover unha programación racional, descentralizada en diferentes puntos da cidade e sustentábel a nivel ambiental e de habitabilidade.

_Cidade creadora

Vigo é un grande fervedoiro cultural, empurrado por unha enorme forza creativa e polo talento artístico que latexa na súa base. O Concello ten que deixar de ser un atranco para se converter nun grande facilitador da creación cultural. Apoiando ás creadoras e creadores nas diferentes disciplinas artísticas, para pasar dun modelo de cidade consumidora ao de cidade creadora de cultura.

552. Rehabilitar a antiga fábrica de pinturas, na rúa Purificación Saavedra, para a transformar na **Fábrica Cultural de Teis** con programación permanente, espazos para residencias artísticas tanto nacionais como internacionais, laboratorios de experimentación, ensaios, actividades formativas, exhibicións e actuacións.

553. **Potenciar Vigo como “grande cidade do libro”**, impulsando unha Semana da Literatura, potenciando as feiras do libro e do libro antigo, organizando un Forum Editorial con vocación internacional e proxección na lusofonía e a creación dun certame literario municipal.

554. **Promover as artes plásticas e visuais**, tanto no que ten a ver coa súa inclusión nas programacións culturais, como tamén dispoñibilizando espazos expositivos gratuítos.

555. **Apoio á creación audiovisual e o cinema**

556. **Impulso da cultura dixital**, brindando apoio municipal aos formatos culturais tecnolóxicos, videoxogos, ou robótica.

557. Posta en marcha dun **programa municipal de residencias artísticas e becas e subvencións para a creación e a programación cultural**.

558. **Posta en marcha dun viveiro/lanzadeira de empresas e iniciativas culturais**.

559. Elaborar **un censo de creadores e creadoras** da cidade.

Cidade con memoria

A memoria é o soporte da nosa identidade, a que permite sermos o que somos colectivamente. A recuperación da memoria democrática e dignificación da loita antifascista, así como a protección e posta en valor do noso patrimonio histórico, son tarefas fundamentais para evitarmos a ameaza destrutora e deshumanizadora da amnesia.

Memoria histórica

560. **Afondar no coñecemento e máxima divulgación da historia de Vigo** como parte da nación galega.
561. Completar a **retirada de toda a simboloxía fascista**, incluída a Cruz fascista “dos caídos” do Monte do Castro.
562. Revisión e retirada daquelas distincións ou nomeamentos honoríficos concedidos polo Concello de Vigo durante a ditadura franquista.
563. Desenvolver un traballo de **documentación histórico e de divulgación dos “lugares da Memoria”** de maior relevo na cidade de Vigo.
564. Promover **campañas de divulgación da memoria histórica e democrática**, especialmente entre a mocidade.

Patrimonio histórico e artístico

565. **Creación do Plan Director do Patrimonio Histórico e Artístico de Vigo.** Este plan director terá como meta o desenvolvemento de medidas de mantemento e aproveitamento turístico, educativo e cultural do patrimonio, así como o establecemento de medidas para a súa protección.
566. **Impulsar o proceso de intervención do Consorcio do Casco Vello.** O Vigo Vello constitúe un dos espazos máis significativos no que se refire a patrimonio e a aspiración debe ser a súa recuperación completa a medio prazo.
567. **Integración e potenciación dos percorridos etnoarqueolóxicos.** Integrar as áreas de Candeán, Zamáns, Saiáns, Coruxo, Bembrive e o Castro co fin de dar conta do período histórico.
568. **Vigo Romano.** Reformulación e impulso dos restos romanos da cidade como un todo (A finca Mirambell, Toralla, o Cocho, o Funchal, as salinas do Areal) para evidenciar a vitalidade da área naquela altura.
569. Garantir a **conservación das embarcacións tradicionais** que o Concello ten no peirao de Bouzas, e das que se encarga actualmente a Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas.
570. Dotar de máis medios o **Arquivo Municipal** e facilitar o seu acceso e consulta.

571. Desenvolvemento e dotación do **Centro de Documentación Histórica da Cidade de Vigo**, impulsando a salvagarda da documentación que exista en mans públicas e privadas e que fagan referencia á nosa cidade e ao seu entorno.

572. **Crear un mapa local de patrimonio industrial, co fin de preservalo.**

573. Recuperación de edificios abandonados, como a **Panificadora e a antiga conserveira Alfageme**, para uso público.

_Temos lingua!

O galego é a nosa lingua propia. O retroceso no seu uso social non responde á vontade libre da veciñanza, senón que é resultado das políticas que procuran a súa desaparición ou reducila a espazos ornamentais e residuais. Emporiso, é fulcral garantirmos o dereito de todas as viguesas e vigueses a podermos vivir plenamente no noso idioma, promovendo de maneira activa a súa plena normalización.

574. **Reforzamento do Servizo de Normalización Lingüística.** En primeiro lugar, recuperar e incrementar o orzamento para esta partida.

575. **Desenvolvemento do Plan de Dinamización Lingüística (PDL)** do Concello de Vigo.

576. **Reforzamento do Consello Social da Lingua Galega** como órgano central de pulo para o desenvolvemento do PDL, así como para o seu seguimento, avaliación e garantía de cumprimento.

577. **Cumprimento da ordenanza de normalización lingüística.** O galego será a lingua de uso normal en toda a documentación administrativa, rotulación, publicidade, comunicación, información, sinalización, programas informáticos, así como na atención ao público, tanto oral como escrita, en todos os servizos municipais.

578. **Apoio a todas as iniciativas promovidas polas entidades sociais.** Crear redes de axentes dinamizadores e xerar dinámicas autónomas e sostidas de promoción do galego.

579. **Promoción da actuación coordinada e sinérxica dos diferentes actores implicados na promoción social do galego.**

580. Aposta pola **promoción de gabinetes de normalización lingüística** naqueles organismos ou entidades que engloban varios colectivos (organizacións empresariais, deportivas, FAVEC, etc.) como instrumento de apoio cara á promoción do galego nos sectores estratéxicos da cidade.

581. Reforzamento e ampliación da **coordinación e colaboración con outros concellos para desenvolver accións normalizadoras conxuntas** tanto a nivel comarcal como nacional.

582. Nos procesos selectivos de persoal do concello **requirirase un dominio oral e escrito da lingua galega acorde coas necesidades do posto**, que deberá ser demostrado no proceso.
583. Desenvolveranse **accións de promoción e de formación continua para mellorar o uso da nosa lingua, de forma oral e escrita, por parte do persoal municipal**.
584. **Xeneralizarase o uso do galego na información e publicidade institucional** nos medios que teñan financiamento municipal.
585. **Os servizos que o Concello encargue a terceiros serán prestados en galego** (empresas de xestión, redacción de proxectos ou plans, seguridade, mantementos, contratación ou desenvolvemento de programas informáticos).
586. **Demanda do aumento da presenza do galego** na entidade receptora de convenios, axudas públicas, articulados ou convocados polo Concello e avaliación do seu cumprimento, que será tido en conta en futuras convocatorias.
587. **Reforzar, dinamizar e ampliar os programas actualmente existentes en promoción da lingua galega**, prestando especial atención á infancia e mocidade.
588. Reforzo do **Centro da Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)**.
589. Patrimonio inmaterial: Toponimia e microtoponimia. **Reforzo do programa de recuperación da toponimia** e extensión das súas actividades. Sinalética pública en galego.
590. Novas Tecnoloxías. **Promoverase o uso do galego nas novas tecnoloxías** e difundirase a existencia de todo tipo de produtos e servizos en galego relacionados coas novas tecnoloxías.
591. Ensino infantil. **Procurarase a oferta dun ensino infantil de 0 a 3 anos en galego e de calidade a través das escolas públicas** de titularidade municipal ou nas que ten participación o Concello. Tamén se apoiará o uso do galego nas escolas infantís privadas e cooperarase de maneira activa con aquelas entidades, de carácter non lucrativo, que promovan a inmersión lingüística en galego.
592. Equipos de Normalización de Dinamización Lingüística. **Colaborarase cos ENDL dos centros de ensino** nas accións de promoción da lingua.
593. Sensibilización da mocidade. **Desenvolveranse campañas adecuadas e programarase unha oferta de lecer en galego**, axeitada, atractiva e de calidade.
594. **A lingua como marca de calidade**. Realizaranse accións divulgativas para fomentar o uso do galego nas relacións comerciais e a súa utilidade para identificar produtos e servizos de proximidade.
595. **A lingua como valor económico**. Apoiaranse, incentivaranse e difundiranse aquelas empresas que destaquen polo uso da lingua galega.

596. **A lingua como atractivo turístico.** Farase visíbel a lingua galega nas accións de difusión enfocadas ao turismo, salientándoo como valor identitario e como factor de diferenciación nun mundo heteroxéneo e plural.
597. Proxección da lusofonía. **Procurarase unha especial relación e colaboración co ámbito lusófono** en todos os sectores (cultural, asociativo, económico, deportivo, etc...) e contribuírase de xeito especial a amosar e difundir as creacións musicais, literarias, teatrais, audiovisuais... dos países de lingua galego-portuguesa a través das programacións culturais municipais.
598. **Apoiar o libro galego e as publicacións periódicas e diarias en lingua galega.**
599. **Promover a rotulación comercial en galego.**
600. Crear unha **guía de lecer infantil en galego.**
601. Colaboración coa Escola Oficial de Idiomas e outras entidades para realizar **actividades e cursos de galego para persoas migradas.**
602. Ofertar **actividades formativas para a mellora da competencia lingüística** en galego.
603. **Apoio activo ao colectivo de neofalantes.**
604. Estabelecer **programas municipais de actividades arredor das Letras galegas e o Día de Rosalía de Castro**, en colaboración co tecido asociativo e centros de ensino.
605. **Promover E apoiar o uso do dominio .gal** por entidades públicas e privadas.
606. Creación dunha **Oficina de Dereitos Lingüísticos** para a defensa do dereito ao uso da lingua galega por parte da cidadanía.

_Orgullo da nosa tradición

Non hai vangarda, nin modernidade posíbel sen a raíz sólida das nosas tradicións. Desde o orgullo e a autoestima cómpre visibilizar a grande pegada que a cultura tradicional galega, quer na danza quer na música, pero tamén noutras manifestacións etnográficas ou a artesanía, ten na nosa cidade.

607. Posta en marcha dun **Programa de Dinamización da Cultura Tradicional** na cidade.
608. **Apoio á Orquestra Folk Sondeseu**, promovendo unha programación estábel dentro e fóra da cidade que garanta a súa difusión e visibilización.
609. Promoción de **actividades formativas de música e danza tradicional**, despregando especificamente un programa de “primeira experiencia” en todos os centros educativos da cidade.

610. **Apoio aos grupos de base** a través, entre outras medidas, dun programa específico e estábel de subvencións, que inclúa tamén o financiamento da confección/adquisición de vestiario, instrumentos e equipamento.
611. Despregamento dun ambicioso **circuíto cultural en todos os barrios e parroquias**, tomando por referencia o desaparecido Movevigo, en colaboración co movemento veciñal e o tecido cultural.
612. Organización dun **grande festival de música e baile tradicional**.
613. **Promover a investigación etnográfica** no ámbito da música e do baile tradicional.
614. **Recuperación do Centro de Artesanía Tradicional**, para apoñer en valor e difundir a nosa artesanía e fomentar e apoiar a creación de proxectos e empresas vinculados con esta.

Vigo motor de todo un País

Fronte á permanente lea partidista que empequenece a cidade, acreditamos en que Vigo pode ser un verdadeiro motor de cambio, de mudanza e de transformación para o conxunto de Galiza. Esixindo con firmeza, pero tamén con vontade de diálogo, a fin do abandono que padece a cidade por parte de Xunta e Goberno español. Liderando, desde a cooperación e tecendo sinerxías, a nosa realidade metropolitana. Sendo un grande polo de desenvolvemento da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Traballando desde a acción municipal na construción dun proxecto de País que teña por obxectivo atinxirmos unha Galiza próspera, xusta socialmente, igualitaria, radicalmente democrática e con plena capacidade de decisión.

_Vertebración metropolitana

Vigo é unha realidade urbana que supera os límites da propia cidade. As importantes, profundas e continuadas ligazóns sociais, económicas e históricas coa nosa contorna configuran unha realidade de alcance metropolitano que debemos desenvolver, desde o diálogo e a cooperación, en favor do desenvolvemento do conxunto de concellos e da veciñanza do conxunto da área.

615. Impulsaremos de maneira decidida a **creación, efectiva, e a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo**, recuperando os consensos e exercendo un liderado construtivo desde a cooperación e na procura de sinerxías co resto de concellos.
616. Demandaremos que se desenvolva a Lei da Área Metropolitana dotándoa dun **marco competencial claro e dun calendario de traspaso de competencias e de financiamento**, por parte do Estado, Xunta e mais a Deputación provincial, que permita planificar e xestionar os servizos metropolitanos.
617. Reorientaremos a actual **Mancomunidade Intermunicipal da Área de Vigo**, redefinindo o seu papel e misión entrementes non se constitúa de maneira efectiva a Área Metropolitana.
618. Fronte á parálise na vertebración metropolitana, por causa da lea partidista entre PP e PSOE, o BNG comprométese a desenvolver en todos os ámbitos un plan de **reactivación e dinamización da área metropolitana** coas seguintes liñas de actuación conxunta:
 - Plano de transporte intermodal.
 - Demanda ao Goberno español da mellor da conexión ferroviaria e implantación de

tren de cercanías, así como da rede de infraestruturas viarias.

-Desenvolvemento da área de Vigo como motor económico, industrial e tecnolóxico.

-Potenciación de Vigo como grande porto atlántico.

-Defensa diante da Xunta de Galiza da mellora dos servizos públicos, nomeadamente da sanidade.

-Impulsar modelos urbanos que aposten na habitabilidade e nunha mobilidade alternativa (Plan Ágora).

-Actuar, en colaboración con outras administracións, para garantir o abastecemento e saneamento da auga.

-Promover un novo modelo de xestión dos residuos municipais, apostando na compostaxe de bioresiduos (Plan Revitaliza)

-Despregar unha estratexia conxunta para a protección e xestión multifuncional dos montes e a prevención de incendios.

_Polo de desenvolvemento da Eurorrexión

O alcance do tecido produtivo e socioeconómico da cidade crean as condicións para converternos nun grande polo de desenvolvemento da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

619. Apostamos decididamente polo **desenvolvemento das potencialidades do Eixo Atlántico**.

620. Potenciaremos o papel de Vigo e a súa área como **grande polo de desenvolvemento da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal**.

621. Apostaremos no despregamento de dinámicas de **cooperación transfronteiriza e nunha maior relación coa área de Porto**.

_Un Vigo referente dunha nova Galiza

O cambio en Galiza precisa dun potente motor Vigo. A nosa cidade foi sempre un grande vector de transformación e avance para o conxunto do noso País. Fronte a quen tenciona amurallar a cidade, enfrontala con todos, por todo, non se sabe para que, apostaremos porque Vigo asuma o papel que lle corresponde como maior cidade de Galiza.

622. Demandaremos tanto do Estado como da Xunta de Galiza o **desbloqueo efectivo dos investimentos na nosa cidade**, nomeadamente no ámbito das infraestruturas e na reactivación económica e industrial.

623. Pularemos pola **cooperación estábel e continuada entre os concellos das 7 grandes cidades galegas**.

624. Colaboraremos desde a acción municipal na construción dun proxecto de País que teña por obxectivo atinxirmos unha **Galiza próspera, xusta socialmente, igualitaria, radicalmente democrática e con plena capacidade de decisión**.

Dereitos e símbolos nacionais

625. Defenderemos, tamén no ámbito local, os **dereitos democráticos do pobo galego**, a principiar polo dereito de autodeterminación.

626. Apostaremos por **un Concello que se dirixa sempre á comunidade nacional galega**, sen aceptar declaracións ou símbolos que afirmen a nosa asimilación.

627. Defenderemos **a visibilización permanentemente por parte do Concello da pertenza á Galiza e os símbolos nacionais galegos**, nomeadamente nos lugares máis emblemáticos do poder institucional e nos espazos públicos.

628. Os/as representantes municipais nacionalistas manteremos sempre unha práctica coherente de **defensa da democracia e da nación galega**, tamén fronte a todo aquilo que, no plano xurídico-político ou simbólico, supoña a súa negación.

629. Entendendo o deporte como un factor de socialización e cohesión social, potenciaremos e defenderemos a plena capacidade do deporte galego para se desenvolver, promovendo as federacións e competicións propias e a plena participación no ámbito internacional das **seleccións galegas**.